É por iso que ó cubrir gastos non financeiros (capítulos 1 a 7) con ingresos financeiros (principalmente capítulo 8, remanente de tesourería), rómpese o principio de estabilidade presupostaria. Isto quere dicir que, utilizamos un “aforro” xerado en exercicios anteriores (remanente de tesourería) para financiar modificacións de crédito.

A utilización no exercicio 2024 do remanente de tesourería para gastos xerais en expedientes de modificación do presuposto financiados con remanente de tesourería para gastos xerais (RLTGX):

- Expte 307/2024, MC nº 1 de incorporación de remanentes de crédito, financiado con RLTGX por importe de 167.038,97 euros.
- Expte 447/2024, MC nº 2 de concesión de créditos extraordinarios e de suplementos de crédito financiado con RLTGX, por importe de 151.038,43 euros.
- Expte 1009/2024, MC nº 10 de concesión de créditos extraordinarios e de suplementos de crédito, financiado con RLTGX por importe de 17.088,64 euros.

Este mecanismo de financiación provoca que ditos ingresos, con destino a financiar gastos derivados da execución dos capítulos 1 a 7, é dicir, gastos non financeiros (correntes e de capital), teñen entrada no presuposto a través da aplicación presupostaria 87000 (remanente de tesourería para gastos xerais).

Estes ingresos teñen a consideración de ingresos financeiros, e posto que están financiando gastos de natureza non financeira xeran déficit, e por tanto, necesidade de financiación en termos de estabilidade presupostaria.

Hai que ter en conta, que para a consecución dunha situación de estabilidade presupostaria á hora de liquidar o presuposto, a diferenza entre dereitos recoñecidos non financeiros, nos capítulos 1 a 7 do estado de ingresos, e as obrigas non financeiras, capítulos 1 a 7 do estado de gastos, **debe de ser cero ou de superávit**.

2ª) Axustes de recadación.

Un segundo motivo da inestabilidade deriva, aínda que en menor medida, do axuste de recadación, principalmente, dos capítulos 1 e 3 do presuposto, dado que se recoñecen dereitos por un importe superior ó recadado, que existe un axuste negativo en termos de contabilidade nacional, diminuindo a capacidade de financiación en -153.060,96 euros. Os axustes realizados na liquidación do exercicio 2024 son os seguintes:

	I correntes	I pechados		DR	Axuste
Cap 1	445.746,17	86.355,20	Cap 1	607.772,94	-75.671,57
Cap 2	-861,58	7.935,78	Cap 2	2.371,64	4.702,56

Cap 3	322.399,78	10.582,01	Cap 3	415.073,74	-82.091,95
Total	767.284,37	104.872,99	Total	1.025.218,32	-153.060,96

En consecuencia, detectamos dúas causas principais na liquidación con necesidade de financiación no exercicio 2024:

a) A utilización no exercicio 2024 do remanente de tesourería para gastos xerais para financiar gastos dos capítulos 1 a 7 por importe de 217.368,64 euros, producen un desequilibrio en termos de contabilidade nacional (SEC 2010) ao financiarse gastos non financeiros (capítulo 1, 2 e 6 do orzamento de gastos) con ingresos financeiros (capítulos 8 de ingresos). Se descontamos as OR financiadas con cargo a RLTXG estaríamos nunha situación de equilibrio presupostario de +57.305,11 euros.

Polo que a conclusión debe ser que este concello ten capacidade financeira para consumir aforros prudentes manifestados a través do remanente de tesourería.

b) É importante que a execución dos gastos de capital financiados con fondos finalistas sexa simultánea coa obtención dos ingresos que os financian, xa que en caso contrario contribúe a unha situación de desequilibrio, provocada polo recoñecemento dun gasto sen financiamento:

Exercicio	ORN Cap 6	DRN Cap 7
2022	519.953,12	312.114,75
2023	1.290.541,11	610.299,32
2024	473.992,90	374.991,36

Exercicio	ORN Cap 2	DRN Cap 4
2022	1.258.949,90	1.167.825,18
2023	1.382.471,61	1.170.686,26
2024	1.380.481,31	1.300.652,49

Podemos observar dos cadros anteriores que as diferencias son importantes.

4.2. Previsión tendencial de ingresos e gastos.

A evolución dos ingresos e gastos dos presupostos deste Concello, incluídas as previsións por incrementos normativos e sen contar transferencias de capital para gastos, é a recollida nos cadros seguintes:

Estado de Ingresos:

Cap.	Denominación	DRN	Proxección 2025	Proxección 2026
1	Impostos directos	607.772,94	641.846,93	641.846,93
2	Impostos indirectos	2.371,64	19.245,13	19.245,13
3	Taxas e outros ingresos	415.073,74	441.547,40	441.547,40
4	Transferencias correntes	1.300.652,49	1.213.054,64	1.213.054,64
5	Ingresos patrimoniais	8.058,86	12.752,36	12.752,36
6	Alleamento investimentos reais	761,36	0,00	0,00
7	Transferencias de capital	374.991,36	432.468,48	432.468,48
8	Activos financeiros	0,00	0,00	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00	0,00	0,00
Total		2.709.682,39	2.760.914,94	2.760.914,94

Estado de Gastos:

Cap	Denominación	ORN	2025	2026
1	Gastos persoal	675.419,03	662.931,62	662.931,62
2	Gastos bens correntes e servizos	1.380.481,31	1.340.634,27	1.340.634,27
3	Gastos financeiros	10,03	263,69	263,69
4	Transferencias correntes	43.856,44	35.808,24	35.808,24
5	Fondo de continxencia e outros imprevistos	0,00	0,00	0,00
6	Investimentos reais	473.992,90	721.277,13	721.277,13
7	Transferencias de capital	143.991,03	0,00	0,00
8	Activos financeiros	0,00	0,00	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00	0,00	0,00
Total		2.717.750,74	2.760.914,94	2.760.914,94

Para calcular as previsións de gastos (ORN) dos exercicios 2025 e 2026 tiveronse en conta as obrigas recoñecidas en exercicios anteriores (2022, 2023 e 2024), para comprobar a súa execución ou inexecución, agás en gastos de persoal e transferencias reais, e eliminadas as transferencias de capital. En cambio, para as previsións de ingresos tiveronse en conta os dereitos recoñecidos en exercicios anteriores máis a previsión de incremento derivada de incrementos normativos. Aínda con todo, as previsións tanto de gastos como de ingresos a partir do momento da realización do presente PEF teñen carácter orientativo.

Con estas premisas, nas liquidacións dos exercicios 2025 e 2026 cumprírase o obxectivo de estabilidade presupostaria e de regra de gasto.

5 MEDIDAS A ADOPTAR PARA CORRIXIR A SITUACIÓN.

Debido ás causas que produciron o incumprimento do obxectivo de estabilidade na liquidación do exercicio 2024, analizadas nos apartados anteriores (emprego do remanente líquido de tesourería e desfase temporal que provoca o axuste negativo nos capítulos 1 e 3) deberase manter un seguimento e control do gasto no capítulo 6 "Investimentos reais" evitando o seu financiamento con cargo ó remanente líquido de tesourería e procurar que a execución do gasto se produza no mesmo exercicio económico que se realiza o ingreso.

O remanente de tesorería configúrase como un ingreso financeiro cuxo uso esixe a tramitación dun expediente de modificación orzamentaria para destinalo ao financiamento do fin imposto por unha norma con rango de lei de forma que, si financia gastos de carácter non financeiro, dará lugar necesariamente a un incumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e, posiblemente, do límite fixado pola regra de gasto. O incumprimento da estabilidade orzamentaria foi o que aconteceu ó concello de Lánara.

O remanente de tesorería, tería natureza de aforro que xenera a entidade local nun exercicio pola obtención de maiores ingresos orzamentarios sobre as obrigas recoñecidas, de forma que ese aforro pode ser utilizados como fonte de financiamento de obrigas en exercicios posteriores naquel no que se obtivo. En consecuencia, o uso do remanente por unha entidade local non é determinante duna situación de déficit estrutural, se non que debe identificarse con unha situación de superávit orzamentario no momento da liquidación do orzamento, por canto é froito dun aforro que permitirá a esa entidade o financiamento de parte dos gastos doutros exercicios sen ter que acudir a recursos financeiros aportados por terceiros.

A situación da actual normativa supón que as entidades locais polo feito de non executar o presuposto de gasto dentro do exercicio presupostario no que estos se consignaron e, tendo a posibilidade legal de incorporar remanentes, incurra en inestabilidade porque está financiando un gasto con un ingreso que é o remanente do exercicio anterior, que se configura no capítulo oitavo dentro dos activos financeiros.

Trátase de xeito similar á entidade local que incumpe inestabilidade por apelar ó endebedamento da corporación para realizar gastos de investimento como ó concello que utiliza o seu aforro para financiar gastos.

A Secretaria General de Coordinación Autonómica y Local publicou o criterio da IGAE que serve como respostas ós PEFs realizados por estas causas en relación coas medidas a adoptar, e di textualmente que:

"Considerando lo expuesto, la utilización del remanente de tesorería afectado para financiar gasto no financiero exigirá la aprobación de un plan económico financiero, puesto que, conforme a la normativa

actual, genera inestabilidad presupuestaria, aunque nunca con motivo de la aprobación del presupuesto y, posiblemente, también dé lugar a un incumplimiento de la regla de gasto.

Ahora bien, se hace necesario analizar el alcance de tales incumplimientos, así como sus efectos sobre la situación económica financiera de la entidad local y, en consecuencia, cuál debería ser el contenido del plan económico financiero a aprobar.

El remanente de tesorería, aun cuando se configura contablemente como un activo financiero, su naturaleza se identificaría con el ahorro que genera una entidad local en un ejercicio como consecuencia del desfase entre la ejecución de unos ingresos presupuestarios y las obligaciones reconocidas a las que están afectados de forma tal que ese ahorro habrá de ser utilizado como fuente de financiación de las obligaciones de ejercicios posteriores a aquel en el que se obtuvo. En consecuencia, no cabe admitir que la utilización del remanente de tesorería afectado por una entidad local sea determinante de una situación de déficit estructural, es más, habría de identificarse con una situación de superávit presupuestario en el momento de la liquidación del presupuesto.

Sentada la naturaleza del remanente de tesorería afectado cabe entender que sus efectos sobre la situación económico-financiera de una entidad local en nada coinciden con los derivados de otros recursos financieros que exigen un reembolso de las cantidades recibidas y por ello parece lógico que el tipo de medidas a implementar en el plan económico financiero deban acomodarse a la situación descrita.”

Polo exposto, acreditadas as causas do incumprimento, as medidas propostas para conseguir o cumprimento da estabilidade orzamentaria e a regra do gasto nos v exercicios 2025-2025 son as seguintes:

- Limitar ao máximo, no ano 2025 e 2026, a utilización do Remanente de Tesorería para a financiación de gastos, e en caso de necesidade asegurar o cumprimento das regras fiscais.
- Procurar a realización de investimentos que teñan asegurada na súa maior parte a financiación por outras administracións públicas.
- Aprobar o orzamento cumprindo os obxectivos de estabilidade orzamentaria e a regra do gasto, xestionando coa máxima atención o cumprimento destas regras.

6 PREVISIÓN DE EVOLUCIÓN DAS MAGNITUDES ECONÓMICAS E ORZAMENTARIAS.

O obxectivo do Plan Económico-Financeiro non é outro que acometer ao longo dos exercicios 2025 e 2026 as medidas do control do gasto necesarias aos efectos de cumprir coa estabilidade orzamentaria.

Analizada a situación económica da Corporación derivada da liquidación do presuposto do exercicio 2024, podemos afirmar que, en xeral, as magnitudes presupostarias son positivas.

Estabilidade presupostaria.-

CONCEPTOS	2025	2026
1 Ingresos non financeiros (capítulos 1 a 7)	2.760.914,94	2.760.914,94
2 Gastos non financeiros (capítulos 1 a 7)	2.760.914,94	2.760.914,94
3 Superávit (+) ou déficit (-) non financeiro do Presuposto (1-2)	0,00	0,00

Regra de gasto.-

	GASTO COMPUTABLE 2024	ESTIMACIÓN 2025	ESTIMACIÓN 2026
1. REGRA DE GASTO		2.760.914,94	2.760.914,94
2. AXUSTES SEC		711.000,00	660.700,00
3. GASTO COMPUTABLE		2.049.914,94	2.100.214,94
4. GASTO COMPUTABLE N-1 + TAXA CRECEMENTO PIB	1.986.078,94	2.049.633,47	2.117.271,37
5. TOTAL GASTO COMPUTABLE (4-3)		281,47	17.056,43
CONCLUSIÓN SOBRE O CUMPRIMENTO		CUMPRE	CUMPRE

NOTA: A comparación do gasto computable realízase a partir da liquidación do 2024.

Para o cálculo do límite de gasto, para 2025 faise en función da previsión de achega dalgunha liña de subvención xa prevista no orzamento de 2025. En cambio para 2026 unicamente se teñen en conta como

axustes en gasto finalista as aportacións realizadas pola Xunta de Galicia en materia de servizos sociais, que son reiteradas durante os últimos exercicios, así como os fondos da Excelentísima Deputación Provincial de Lugo con cargo ó Programa “Plan Deputación de cooperación cos Concellos”, polo que incluso, a contía do axuste pode ser superior á estimada.

Como pode observarse, baixo estas premisas, cumprírianse os obxectivos de estabilidade presupostaria e de regra de gasto.

En consecuencia, o plan económico-financeiro elaborado presenta como única medida de corrección o compromiso de non realizar durante 2025 modificacións presupostarias que se financien co capítulo VIII (Remanente de Tesourería) do presuposto de ingresos.

O presente PEF ten unha duración de dous exercicios tal como establece o artigo 21 da LOEOSF, neste caso o exercicio 2025 e 2026, nos cales hai que cumprir cos obxectivos. Así que independentemente do cumprimento en 2025, o PEF sigue vixente en 2026. En caso de resultado negativo en 2025, deberán adoptarse medidas complementarias para garantir o cumprimento en 2026 que pasarán necesariamente por aumentar os ingresos mediante a oportuna modificación das ordenanzas fiscais.

7 SEGUIMIENTO E CONTROL

O presente plan económico financeiro de obrigada elaboración como consecuencia do incumprimento da estabilidade orzamentaria na liquidación do orzamento do exercicio 2024, presentarase pola alcaldía ao pleno municipal para a súa aprobación.

O control será realizado polo órgano de Tutela Financeira da Xunta de Galicia, a través dos informes de intervención anuais (aprobación do orzamento, liquidación...) e trimestrais (de remisión de información económica-orzamentaria) nos que se analizará se se están a cumprir os obxectivos marcados.

Láncara, 4 de xuño de 2025.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 1616

MEIRA

Anuncio

EXPOSICIÓN PÚBLICA E ANUNCIO DE COBRANZA - PADRÓN FISCAL SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Por Resolución da Alcaldía núm. 246/2025, de data 5 de xuño de 2025, prestouse aprobación ao padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de maio de 2025, na modalidade de SAF dependencia.

Segundo o disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao seu pagamento, que dispoñen dun prazo de QUINCE (15) días contados a partir da publicación do presente anuncio no BOP de Lugo, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do Real Decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da lei reguladora das facendas locais, os interesados poderán interpor recurso de reposición ante o Sr. Alcalde, no prazo de UN MES (1) contado dende a data de finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no BOP. Contra a resolución do recurso de reposición, non caberá de novo dito recurso.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non obstante poderán interpor calquera outro recurso que consideren oportuno.

Anuncio de cobranza

De conformidade co disposto nos artigos 24 e 25 del Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario dende o 5 de xuño de 2025 ao 5 de agosto de 2025.

Os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos seranlles cargados nas contas bancarias que designaron. Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, as débedas serán esixidas polo procedemento de constrinximento cos correspondentes xuros de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da lei 58/2023.

Meira, 5 de xuño de 2025.- O alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R. 1617

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

APROBACION PADRONS AXUDA AO FOGAR BASICA E LEI DEPENDENCIA ABRIL 2025 E ANUNCIO DE COBRANZA

Por Xunta de Goberno Local do día 26.05.2025 aprobáronse os padróns de prezos públicos Axuda ao Fogar Básica e Lei Dependencia mes de ABRIL 2025.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario, dos devanditos padróns dende o 18.06.2025 ao 18.08.2025.

Advertese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 27 de maio de 2025.- O Alcalde, P.D Decreto de data 21.06.2023, a primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 1618

Anuncio

APROBACION PADRÓN PREZOS PUBLICOS ESCOLAS MUSICA E DANZA MAIO 2025

Por Xunta de Goberno Local do día 26.05.2025 aprobouse o padrón dos Prezos Públicos Escolas Música e Danza do mes de MAIO de 2025.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notifícase colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei das facendas locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario dende o 20.06.2025 ata o 20.08.2025.

Advertese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 27 de maio de 2025.- O Alcalde, P.D Decreto de data 21.06.2023, a primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 1619

PANTÓN

Anuncio

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIÓNS E ANUNCIO DE COBRANZA DO PADRÓN FISCAL DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CORRESPONDENTE AO MES DE MAIO DE 2025.

A Xunta de Goberno Local, por delegación do Alcalde Decreto número 2023-0180, do 26.06.2023) e en virtude de Acordo do 04.06.2025, aprobou o Padrón fiscal da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de maio de 2025, o cal se expón ao público, para a súa notificación colectiva, de acordo co disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, durante o prazo de vinte (20) días hábiles, a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente edicto no Boletín da Provincia de Lugo e no taboleiro de edictos do concello. Durante este prazo, o devandito Padrón estará ao dispor das persoas interesadas no concello, a fin de que o poidan examinar e formular cantas observacións, alegacións ou reclamacións teñan por conveniente.

Contra o acto de aprobación do Padrón e das liquidacións incorporadas a estes, os/as contribuíntes e, en xeral, as persoas interesadas, poderán interpor os seguintes recursos:

1. Recurso de reposición, ante a Alcaldía deste concello, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da finalización da exposición pública do Padrón, que se entenderá rexeitado se ó transcorrer un mes desde a súa presentación non se resolve de maneira expresa.
2. Recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, con sede en Lugo, no prazo de dous meses se a resolución do recurso de reposición é expresa, e no prazo de seis meses desde que se produza o acto presunto.
3. Poderá interporse calquera outro recurso que as persoas interesadas lles conveña.

ANUNCIO.

En cumprimento do disposto no artigo 24 do Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, expónse ao público o seguinte anuncio de cobranza:

- Tributos que se poñen ó cobro: Taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de maio de 2025.
- Prazo de ingreso en período voluntario: do 01.07.2025 ao 31.08.2025, ambos inclusive. Data de cargo en conta: 15.07.2025
- Modalidade de ingreso: a través do servizo de recadación do concello. Con carácter xeral poderá usarse como forma de pagamento a domiciliación bancaria.
- Lugar de ingreso: servizo de recadación do concello. Praza do Concello, s/n. Pantón.
- Días de ingreso: días hábiles, de luns a venres, das 10 ás 14 horas. CONCELLO DE PANTÓN (LUGO), Praza do Concello, s/n – 27430 Pantón (Lugo). Telf.: 982 45 60 05 – Fax: 982 45 65 62

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario sen que se satisfixera a débeda iniciárase o período executivo, de acordo co tenor dos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o que determinará a esixencia dos xuros de demora, así como as recargas que correspondan e, no seu caso, das costas do procedemento de prema.

Pantón, 5 de xuño de 2025.- O alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 1620

Anuncio

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIÓNS E ANUNCIO DE COBRANZA DO PADRÓN FISCAL DA TAXA POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE ABASTECIMENTO DE AUGA, RECOLLIDA DE LIXO E SUMIDOIRO CORRESPONDIENTE AO SEGUNDO BIMESTE DE 2025.

- A Xunta de Goberno Local, por delegación do Alcalde Decreto número 2023-0180, do 26.06.2023) e en virtude de Acordo do 04.06.2025, aprobou o Padrón fiscal da taxa pola prestación dos servizos de abastecemento de auga, recollida de lixo e sumidoiro correspondente ao segundo bimestre de 2025, o cal se expón ó público, para a súa notificación colectiva, de acordo co disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, durante o prazo de vinte (20) días hábiles, a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente edicto no Boletín da Provincia de Lugo e no taboleiro de edictos do concello. Durante este prazo, o devandito Padrón estará ao dispor das persoas interesadas no concello, a fin de que o poidan examinar e formular cantas observacións, alegacións ou reclamacións teñan por conveniente.

- Contra o acto de aprobación do Padrón e das liquidacións incorporadas a este, os/as contribuíntes e, en xeral, as persoas interesadas, poderán interpor os seguintes recursos:

1. Recurso de reposición, ante a Alcaldía deste concello, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da finalización da exposición pública do Padrón, que se entenderá rexeitado se ó transcorrer un mes desde a súa presentación non se resolve de maneira expresa.
2. Recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, con sede en Lugo, no prazo de dous meses se a resolución do recurso de reposición é expresa, e no prazo de seis meses desde que se produza o acto presunto.
3. Poderá interporse calquera outro recurso que as persoas interesadas lles conveña.

ANUNCIO.

- En cumprimento do disposto no artigo 24 do Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, expónse ao público o seguinte anuncio de cobranza:

- Tributos que se poñen ó cobro: Taxa pola prestación dos servizos de abastecemento de auga, recollida de lixo e sumidoiro correspondente ao cuarto bimestre de 2024.
- Prazo de ingreso en período voluntario: do 16.06.2025 ao 16.08.2025, ambos inclusive. Data de cargo en conta: 30.06.2025
- Modalidade de ingreso: a través do servizo de recadación do concello. Con carácter xeral poderá usarse como forma de pagamento a domiciliación bancaria.
- Lugar de ingreso: servizo de recadación do concello. Praza do Concello, s/n. Pantón.
- Días de ingreso: días hábiles, de luns a venres, das 10 ás 14 horas. CONCELLO DE PANTÓN (LUGO), Praza do Concello, s/n – 27430 Pantón (Lugo). Telf.: 982 45 60 05 – Fax: 982 45 65 62

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario sen que se satisfixera a débeda iniciárase o período executivo, de acordo co tenor dos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o que determinará a esixencia dos xuros de demora, así como as recargas que correspondan e, no seu caso, das costas do procedemento de prema.

Pantón, 5 de xuño de 2025.- O alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 1621

PEDRAFITA DO CEBREIRO

Anuncio

Aprobado, en sesión ordinaria celebrada con data 15 de maio de 2025 polo Pleno deste Concello, o expediente de aprobación inicial do **Protocolo para a Prevención do Acoso Laboral, Sexual e por razón de Sexo do Concello de Pedrafita do Cebreiro**, expónse ao público polo prazo de trinta días hábiles, para que as persoas interesadas poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, de conformidade co establecido no artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo.

Se transcorrido o devandito prazo non se presentasen reclamacións, considerarase aprobado definitivamente o mencionado Acordo.

Pedrafita do Cebreiro, 6 de xuño de 2025.- O Alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 1622

SAMOS*Anuncio*

Aprobados pola Xunta de Goberno de data 06.06.2025, os padróns municipais dos Prezos Públicos polo servizo de axuda no fogar e polo servizo vivendas comunitarias/apartamento tutelado, correspondentes a **MAIO/2025**, expoñense ao público polo prazo de 15 días contados dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no B.O.P., rematado este prazo sen presentarse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

O cobro dos mesmos realizarase mediante ingreso dos contribuintes na conta do Concello en ABANCA.

Fixanse como periodo de cobro en voluntaria:

*Do Prezo Público polo servizo de axuda no fogar con carácter posterior á prestación do servizo é carácter específico, durante os vinte primeiros días do mes seguinte.

*Do Prezo Público polo servizo de vivendas comunitarias e apartamento tutelado o prazo de cinco días, dende o seguinte a exposición deste anuncio no BOP.

Este anuncio ten carácter de notificación colectiva ó amparo do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. Durante o devandito prazo os interesados poderán examinar e formular contra os actos que se notifican ante a Xunta de Goberno Local deste Concello, recurso de reposición previo ao contencioso administrativo, no prazo dun mes a contar dende a exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderá interporse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efcto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Transcurrido o periodo de pago en voluntaria as debidas serán esixidas polo procedemento de apremio a través do servizo provincial de recaudación.

Samos, 6 de xuño de 2025.- Alcaldesa-Presidenta, D.^a María Jesús López López.

R. 1623

O VALADOURO*Anuncio*

O Pleno da Corporación, na sesión extraordinaria celebrada o día 18 de febreiro de 2025, aprobou inicialmente a modificación da Ordenanza municipal reguladora da limpeza de terreos e solares en solo urbano, urbanizable e rústico do Concello de O Valadouro .

Téndose publicado o anuncio de exposición pública por un prazo de 30 días no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 47, de 26 de febreiro de 2025, de conformidade co preceptuado no artigo 49 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e resoltas as alegacións presentadas, o Pleno da Corporación, na sesión ordinaria celebrada o día 7 de maio de 2025, aprobou definitivamente a modificación da Ordenanza municipal reguladora da limpeza de terreos e solares en solo urbano, urbanizable e rústico do Concello de O Valadouro e por medio do presente anuncio procédese á publicación do texto aprobado:

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA LIMPEZA DE TERREOS E SOLARES EN SOLO URBANO, SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL E SOLO NON URBANIZABLE DE ÁREA DE TOLERANCIA EXTERIOR A NÚCLEO DO CONCELLO DE O VALADOURO.

TÍTULO I.- DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1.- Fundamento

Artigo 2.- Natureza e obxecto

Artigo 3.- Ámbito de aplicación

Artigo 4.- Definicións

Artigo 5.- Suxeitos obrigados

TÍTULO II.- DEBER DE LIMPEZA DE SOLARES E PARCELAS

Artigo 6 .- Roza e limpeza

Artigo 7.- Extensión temporal das obrigas de limpeza e ornato Artigo 8.- Prohibición de tirar residuos

Artigo 9.- Comunicación ao Concello.

Artigo 10.- Criterios de xestión da biomasa

Artigo 11.- Alcance das tarefas de xestión da biomasa en terreos incluídos na rede secundaria de faixas de biomasa.

Artigo 12.- Prohibicións de repoboacións forestais

Artigo 13.- Réxime de autorizacións para cortas de arborado en solo urbano e solo de núcleo rural

Artigo 14.- Biomasa vexetal residual

Artigo 15.- Afeccións á xestión da biomasa vexetal

TÍTULO III.- DA SEGURIDADE, SALUBRIDADE E ORNATO PÚBLICO DAS CONSTRUCIÓNS

Artigo 16.- Obriga de seguridade, salubridade e ornato público.

Artigo 17.- Condicións mínimas de seguridade, salubridade e ornato.

TÍTULO IV.- ORDES DE EXECUCIÓN

Capítulo I.- Disposicións xerais

Artigo 18.- Xestión e inspección

Artigo 19.- Incumprimento das obrigas Artigo 20.- Ordes de execución.

Artigo 21.- Actuacións previas

Artigo 22.- Incoación do expediente

Artigo 23.- Informes e audiencia ao interesado

Artigo 24.- Resolución

Artigo 25.- Medidas por incumprimento

Artigo 26.- Execución subsidiaria

Artigo 27.- Cobranza de gastos

Artigo 28.- Multas coercitivas

TÍTULO V.- RÉXIME SANCIONADOR

Capítulo I.- Infraccións

Artigo 29.- infraccións

Artigo 30.- Gradación das infraccións.

Capítulo II.- Sancións.

Artigo 31.- Sancións

Artigo 32.- Responsables

Artigo 33.- Procedemento sancionador

Capítulo III.- Recursos

Artigo 34.- Executividade e impugnación

DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA ANEXO I

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA LIMPEZA DE TERREOS E SOLARES EN SOLO URBANO, URBANIZABLE E RÚSTICO DO CONCELLO DE O VALADOURO.

Tanto os habitantes deste Concello como os seus representantes municipais son conscientes do deficiente grao de limpeza e salubridade de determinados solares, terreos e construcións do municipio e da conveniencia de levar a cabo as operacións necesarias en orde á súa conservación e ornato. Isto determina a aparición de focos de infección con efectos moi perniciosos na orde hixiénica-sanitario e estético do municipio, así como situacións de perigo pola posibilidade de incendios da maleza acumulada, sobre todo na tempada estival.

O mesmo sucede coas edificacións pechadas sen conservación algunha e en ocasións en condicións de ruína, o que provoca un efecto antiestético do municipio.

Á vista dos problemas descritos, faise necesaria unha intervención municipal encadrada na disciplina urbanística mediante a creación dun instrumento xurídico eficaz, de aplicación xeral no termo municipal e en uso da potestade regulamentaria e de auto organización atribuída aos municipios polo artigo 4.1.a) da Lei de

Bases de Réxime Local; instrumento que emerxe en forma de Ordenanza co ánimo de mellorar ostensiblemente o grao de limpeza do municipio e en resposta á preocupación cidadá na materia.

A Ordenanza recolle e desenvolve a obriga dos propietarios de terreos e construcións sitos en solo urbano, de núcleo rural e de área de tolerancia exterior a núcleo, de mantelos nas debidas condicións de seguridade, salubridade e ornato e as medidas tendentes á conservación das devanditas condicións, regulándose os requisitos materiais e formais encamiñados á limpeza de solares e ao ornato das construcións, de conformidade co establecido na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e no seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro.

Por outra parte, acollendo os criterios establecidos na Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, refírese á xestión da biomasa, debido a que os terreos situados en solo urbano, de núcleo rural e de área de tolerancia exterior a núcleo teñen unha natureza residencial ou habitacional, polo que deben minorarse drásticamente os riscos para os bens e as persoas por motivos de incendios de vexetación e primar a seguridade; tal e como tamén se recolle no artigo

332.4 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro.

Por todo isto, e co fin de que a Administración conte cun mecanismo eficaz para compeler ás persoas responsables a asumir as súas obrigas, esta Ordenanza regula o procedemento para ditar ordes de execución, configurándose, para os supostos de incumprimento das mesmas, a multa coercitiva como medio de execución forzosa para vencer a resistencia do propietario en cumprir os deberes que lle atribúe a normativa de aplicación, e a execución subsidiaria como resposta municipal fronte á total inactividade daquel en orde ao cumprimento dos mesmos, e que, previa a oportuna dotación orzamentaria, pretende facilitar a execución dos traballos por parte do Municipio, coa garantía do reintegro dos gastos que o orixine.

Por último, recóllese o procedemento sancionador por infracción urbanística.

A presente ordenanza é de obrigado cumprimento para todas as persoas, tanto físicas como xurídicas, que teñan os seus terreos e solares dentro do termo municipal do Concello de O Valadouro.

TÍTULO I.- DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1.- Fundamento

De conformidade co establecido no artigo 15.1.b) do Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana en relación co disposto tanto na Lei como no Regulamento de do solo de Galicia, os propietarios de terreos teñen o deber de mantelos en condicións de seguridade, salubridade e ornato público.

A presente Ordenanza dítase, polo tanto, en virtude das facultades concedidas polo artigo 25, en relación co 84, da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de conformidade co disposto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, no seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado por Decreto 143/2016, do

22 de setembro, no Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana, e no Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.

Artigo 2.- Natureza e obxecto

Esta ordenanza ten natureza de ordenanza de policía urbana e rural e de prevención de incendios, non ligada a unhas directrices de planeamento concreto, por estar referida a aspectos de salubridade e seguridade.

O seu obxecto é a protección de salubridade pública, evitando situacións que supoñan risco para a saúde ou a integridade dos cidadáns.

Artigo 3.- Ámbito de aplicación

A presente Ordenanza aplícase a todo o concello de O Valadouro, quedando suxeitos á mesma todos os solares e construcións do municipio existentes en solo urbano, de núcleo rural e de área de tolerancia exterior a núcleo.

Artigo 4.- Definicións

Aos efectos desta Ordenanza, enténdese por:

- **Solar.-** As superficies de solo urbano legalmente divididas e aptas para a edificación que reúnan os requisitos previstos no artigo 18 da Lei do Solo de Galicia.
- **Construción.-** Edificacións e instalacións non declaradas en ruína, nin susceptibles, previo os trámites regulamentarios, de recibir tal declaración, nas que sexa necesario repoñer as súas condicións preexistentes de ornato, seguridade e salubridade, adecentando, reparando ou consolidando os elementos danados ou obsoletos que afecten o seu aspecto exterior, á súa estabilidade e ás súas condicións hixiénico- sanitarias.

- Solo urbano consolidado.-Terreos que reúnan a condición de solar ou que, polo seu grao de urbanización efectiva e asumida pola normativa urbanística municipal, poidan adquirir dita condición mediante obras accesorias e de escasa entidade que poidan executarse de forma simultánea coas de edificación.
- Solo urbano non consolidado.- A restante superficie de solo urbano e, en todo caso, os terreos nos que sexan necesarios procesos de urbanización ou procesos de reforma interior ou renovación urbana, así como aqueles nos que se desenvolvan actuacións de dotación.
- Solo non urbanizable de núcleo rural.- Os terreos que se inclúan no ámbito dos núcleos rurais delimitados pola normativa urbanística municipal.
- Solo non urbanizable de área de tolerancia exterior a núcleo.- Os terreos que se inclúan con esa clasificación na normativa urbanística municipal.
- Solo rústico ou non urbanizable.- Aquel que, segundo a normativa territorial ou urbanístico, debe ser destinado aos usos propios da natureza rústica dos terreos, xa sexa polos valores e riquezas que nel residen ou pola presenza de riscos naturais, xa sexa por ser inadecuados para o seu desenvolvemento urbano de conformidade cos obxectivos e criterios establecidos na lexislación sobre ordenación do territorio.
- Xestión da biomasa.- A creación e mantemento da descontinuidade horizontal e vertical da carga de combustible, a través do control ou eliminación parcial ou total da biomasa vexetal por medio do emprego das técnicas máis recomendadas e coa intensidade e frecuencia para o cumprimento do obxecto previsto nesta ordenanza.
- Rede de faixas de xestión de biomasa.- O conxunto de parcelas lineais do territorio estratexicamente situadas, onde se garante o control e a eliminación total ou parcial da biomasa forestal, mediante técnicas idóneas, co obxectivo principal de reducir o risco de incendio.

Artigo 5.- Suxeitos obrigados

1.- As obrigas previstas nesta ordenanza recaerán nas seguintes persoas:

- a. Limpeza de solares e parcelas: propietarios, usuarios ou usufrutuarios e arrendatarios. Cando pertenza a unha persoa o dominio directo do seu solar ou terreo e a outra o dominio útil, a obriga recaerá sobre aquela que teña o dominio útil.
- b. Valado de solares e ornato de edificación en solo urbano: propietarios e usufrutuarios.
- c. Xestión da biomasa: Aos efectos desta ordenanza entenderase como persoas responsables do cumprimento das obrigas de xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas as persoas titulares dos terreos ou no seu caso aos titulares do dereito de aproveitamento sobre os terreos, así como as administracións, as entidades ou as sociedades que teñan encomendada a competencia sobre a xestión, ou cedida esta en virtude dalgunha das formas previstas legalmente, das vías de comunicación e das liñas de transporte de enerxía eléctrica.

2.- Nos supostos de inmoables sobre os que pesen herdanzas aínda non partidas e adxudicadas, bastará notificar a un dos herdeiros coñecidos, considerándose aos devanditos efectos como representante da comunidade hereditaria, salvo que éste probe o contrario.

As regras anteriores serán de aplicación igualmente ás persoas xurídicas.

3.- Aos efectos desta ordenanza, salvo proba en contra e sen prexuízo da inscrición contida no Rexistro da Propiedade, considéranse propietarios dos terreos os titulares catastrais. En caso de discrepancia entre o titular catastral e o que conste inscrito no Rexistro da Propiedade, terase en conta a titularidade que resulte do Rexistro.

TÍTULO II.- DEBER DE LIMPEZA DE SOLARES E PARCELAS

Artigo 6.- Roza e limpeza

1. Os propietarios, e demais obrigados ao cumprimento da presente ordenanza conforme ao establecido no artigo 5, deberán manter as parcelas e terreos a que afecte esta ordenanza debidamente rozados con eliminación de capa vexetal e daqueles materiais inflamables ou susceptibles de provocar incendios, velando pola recollida e debida xestión da biomasa vexetal constituída polos devanditos restos e materiais de carácter vexetal, debendo, así mesmo; os propietarios de solo urbano consolidado, de solo non urbanizable de núcleo rural e de solo non urbanizable de área de tolerancia exterior a núcleo, mantelos, de forma permanente convenientemente desratizados e desinfectados a fin de evitar eventuais problemas para a salubridade públicas da poboación que ocupe as vivendas lindeiras.

2. Os solares e parcelas deberán estar perfectamente limpos, desprovistos de calquera tipo de residuos ou vexetación espontánea, sen ningún resto orgánico ou mineral que poida alimentar ou albergar animais ou plantas portadores ou transmisores de enfermidades ou producir malos olores.

3. Igualmente, protexeranse ou eliminaranse os pozos ou desniveis que neles exista e que poidan ser causa de accidente.

4. A xestión da biomasa xerada a resultas das anteriores tarefas de limpeza levarase a cabo segundo os criterios establecido no artigo 11 da presente ordenanza.

Art. 7.- Extensión temporal das obrigas de limpeza e ornato

1.- As obrigas descritas no artigo 7 desta Ordenanza enténdese esixible de forma permanente en solo urbano

Os demais solos deberán ser convenientemente rozados, limpados e xestionada a biomasa vexetal existente nos mesmos, conforme ao disposto no punto anterior, antes do día 1 de xuño de cada ano, debendo de mantelas rozadas ao longo de todo o período estival.

3. Chegada esta data, o Concello poderá verificar o cumprimento da devandita obriga, procedendo a impoñer, en caso de incumprimento, as sancións oportunas de conformidade co establecido no réxime sancionador da presente ordenanza, así como á aprobación de ordes de execución que se poderán facer efectivas, en caso de incumprimento voluntario por parte do responsable no prazo indicado a tales efectos, mediante a imposición de multas coercitivas ou recorrendo á súa execución subsidiaria.

4. O Concello poderá xirar novas visitas coa frecuencia que determine e, en todo caso, faranse as comprobacións necesarias a fin de verificar que os terreos se atopan en perfecto estado de roza, conforme ao previsto no apartado primeiro do presente artigo, novamente antes do día 1 de agosto de cada ano.

5. Para conseguir tales fins, o Concello poderá ditar as oportunas ordes de execución conforme ao establecido no Título IV desta Ordenanza.

Artigo 8.- Prohibición de tirar residuos

Prohíbese terminantemente tirar nos solares e parcelas lixo, escombros, mobiliario, materiais de desfeito e, en xeral, desperdicios de calquera clase.

Sen prexuízo das accións que correspondan conforme dereito aos donos dos solares e parcelas contra os infractores, estes serán sancionados pola Alcaldía, de conformidade co previsto na presente ordenanza.

Artigo 9.- Comunicación ao Concello.

Como regra xeral, as operacións de limpeza de solares unicamente deberán ser comunicadas ao Concello antes de iniciar a súa execución, aos efectos de constancia da realización e posible control posterior.

Artigo 10.- Criterios de xestión da biomasa

Nos terreos clasificados como solo urbano, solo non urbanizable de núcleo rural e solo non urbanizable de área de tolerancia exterior a núcleo, as persoas responsables deberán facer a xestión da biomasa na totalidade da parcela conforme aos seguintes criterios:

- Roza para a eliminación do estrato herbáceo e arbustivo sempre que supoña un mínimo risco para a propagación de incendios incontrolados de vexetación ou que supoña un problema para a salubridade pública.
- Poda e rareo do estrato arbóreo de forma que se manteña unha descontinuidade horizontal entre as copas das árbores e vertical entre estas e os estratos herbáceo e arbustivo. Este criterio non será aplicable en parques e xardíns municipais, árbores senlleiras ou aquelas que cumpran funcións ornamentais ou se atopen illadas e non supoñan un mínimo risco para a propagación de incendios incontrolados de vexetación.

Artigo 11.- Alcance das tarefas de xestión da biomasa en terreos incluídos na rede secundaria de faxas de biomasa.

1. De conformidade co disposto no artigo 21 da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, nos terreos de solo urbano, solo non urbanizable de núcleo rural e solo non urbanizable de área de tolerancia exterior a núcleo previamente definidos como redes secundarias de faxas de xestión de biomasa será obrigatorio para as persoas que resulten responsables conforme ao artigo 5 desta Ordenanza, o cumprimento das obrigas anteriores e xestión da biomasa vexetal conforme aos criterios desta Ordenanza e na normativa de aplicación, **nunha franxa de 50 metros**:

a. Perimetral ao solo urbano, solo non urbanizable de núcleo rural e solo non urbanizable de área de tolerancia exterior a núcleo.

b. Ao redor das edificacións destinadas ás persoas, vivendas illadas, urbanizacións, vertedoiros, cámpings, gasoleiras e parques e instalacións industriais situados a menos de 400 metros do monte.

c. Ao redor das edificacións illadas destinadas ás persoas en solo rústico situadas a máis de 400 metros do monte.

2. Así mesmo, na mesma franxa de 50 metros mencionada no número anterior non poderá haber árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

3. As distancias mencionadas neste artigo mediranse, segundo os casos:

a. Desde o límite do solo urbano, solo non urbanizable de núcleo rural e solo non urbanizable de área de tolerancia exterior a núcleo.

b. Desde os paramentos exteriores das edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, ou os límites das súas instalacións anexas.

c. Desde o límite das instalacións no caso dos depósitos de lixo, gasoleiras, parques e instalacións industriais.

d. Desde o peche perimetral no caso dos cámpings.

Artigo 12.- Prohibicións de repoboacións forestais

1. Quedan prohibidas todas as repoboacións forestais nos terreos clasificados como solo urbano, solo non urbanizable de núcleo rural e solo non urbanizable de área de tolerancia exterior a núcleo.

Enténdese por repoboación forestal aquela realizada con especies arbóreas das que se pretende o seu aproveitamento madeireiro. Quedan expresamente excluídas desta consideración as plantacións de árbores frutais, setos ou árbores ornamentais sempre que a súa plantación non estea prohibida por norma de rango superior.

2. Quedan exceptuados desta prohibición as plantacións de árbores illadas en parcelas de propiedade privada que non supoñan un risco de incendios.

Artigo 13.- Réxime de autorizacións para cortas de arborado en solo urbano, solo non urbanizable de núcleo rural e solo non urbanizable de área de tolerancia exterior a núcleo

1. A corta de especies forestais en solo urbano, solo non urbanizable de núcleo rural e solo non urbanizable de área de tolerancia exterior a núcleo será libre cando o peso do aproveitamento non supere as 10 toneladas.

2.- A corta nestes tipos de solo, por riba das 10 toneladas, requirirá da presentación no rexistro do Concello dunha comunicación previa (Modelo Anexo I) cunha antelación mínima de 24 horas á execución da corta.

Artigo 14.- Biomasa vexetal residual

Trala realización das rozas ou cortas que resulten preceptivas en cumprimento das obrigas de xestión de biomasa vexetal, deberá executarse adicionalmente unha trituración dos restos in situ ou a súa retirada da parcela. O Concello non se fará cargo dos restos vexetais procedentes destas operacións.

Artigo 15.- Afeccións á xestión da biomasa vexetal

Como norma xeral, no caso de que a execución de actuacións de xestión da biomasa vexetal estea condicionada por limitacións normativas establecidas por lexislacións sectoriais vixentes, ou mesmo suxeita a un réxime de autorizacións, estas limitacións xunto coa necesidade de autorización deberán ser tidas en conta polos particulares, que deberán solicitar as autorizacións correspondentes e que poderán recabar a estes efectos información sobre este aspecto no concello.

TÍTULO III.- DA SEGURIDADE, SALUBRIDADE E ORNATO PÚBLICO DAS CONSTRUCIÓNS

Artigo 16.- Obriga de seguridade, salubridade e ornato público.

Os propietarios de construcións e instalacións están obrigados a mantelas en condicións de seguridade, salubridade e ornato público, que garantan o seu adecuado uso e funcionamento.

Artigo 17.- Condicións mínimas de seguridade, salubridade e ornato.

Aos efectos previstos no artigo anterior entenderase como condicións mínimas:

1. Condicións de Seguridade. As edificacións deberán manter os seus cerramentos e cubertas estancas ao paso da auga, contar con protección da súa estrutura fronte á acción do lume e manter en bo estado os elementos de protección contra caídas.

A estrutura deberá conservarse de modo que garanta o cumprimento da súa misión resistente, defendéndoa dos efectos da corrosión e axentes agresores, así como das filtracións que poidan lesionar as cimentacións. Deberán conservarse os materiais de revestimento de fachadas, cobertura e cerramentos de modo que non ofrezan risco para as persoas ou bens.

2. Condicións de salubridade. Deberá manterse o bo estado das redes de servizo, instalacións sanitarias, e condicións de ventilación e iluminación de modo que se garanta a súa aptitude para o uso a que estean destinadas e o seu réxime de utilización. Manterán tanto o edificio como os seus espazos libres cun grao de

limpeza que impida a presenza de insectos, parasitos, roedores e animais vagabundos que poidan ser causa de infección ou perigo para as persoas.

3. Condicións de ornato. As fachadas, os elementos exteriores e interiores, medianeiras, valos e cerramentos das construcións deberán manterse adecentadas e homoxéneas mediante a limpeza, pintura, reparación ou reposición dos materiais de revestimento. Todo o cableado público ou privado que discorra polas fachadas do inmovible deben de manter un trazado estético e libre de perigos, grampados firmemente á fachada.

As cubertas deben contar con canles e baixantes de recollida de augas pluviais ao obxecto de impedir a caída de auga de choiva sobre o viario ou o aceirado, conectando estes últimos se é factible á rede de saneamento.

TÍTULO IV.- ORDES DE EXECUCIÓN

Capítulo I.- Disposicións xerais

Artigo 18.- Xestión e inspección

A Alcaldía dirixirá a policía urbana, rural e sanitaria e exercerá a inspección dos solares, parcelas, construcións e instalacións do termo municipal para comprobar o cumprimento das condicións establecidas na presente ordenanza.

O persoal funcionario, no exercicio das súas funcións, terán para todos os efectos legais o carácter de axentes da autoridade.

O Concello de O Valadouro, a través da Alcaldía ou do concelleiro ou concelleira en quen delegue, xestionará o cumprimento das obrigas reguladas e establecidas na presente ordenanza, impondo as sancións que procedan, segundo o establecido nos artigos seguintes.

Artigo 19.- Incumprimento das obrigas

1. As obrigas previstas na presente ordenanza serán en todo caso esixibles desde a publicación da mesma para todos aqueles obrigados ao seu cumprimento, sen necesidade de ser expresamente compeliados para iso por parte do Concello de O Valadouro.

2. Non obstante o previsto no parágrafo anterior, a Alcaldía municipal poderá ditar ordes de execución para instar o cumprimento das obrigas contidas nesta Ordenanza.

Artigo 20.- Ordes de execución.

1. As ordes de execución conterán a determinación concreta das actuacións a realizar conforme ás condicións establecidas na presente Ordenanza e na normativa urbanística e contra incendios. Así mesmo, deberán fixar o prazo para o cumprimento voluntario polo do ordenado propietario, que se determinará en razón directa da importancia, volume e complexidade das actuacións a realizar.

A execución das mesmas deberá acordarse da forma menos gravosa para a persoa propietaria.

As ordes de execución deberán advertir que o seu incumprimento habilitará ao Concello para a execución subsidiaria das actuacións correspondentes, con cargo á persoa responsable, e para a imposición de multas coercitivas, que serán independentes das previstas no Título V desta Ordenanza.

Artigo 21.- Actuacións previas

Con carácter previo á iniciación do procedemento para a aprobación dunha orde de execución, o órgano competente poderá levar a cabo as actuacións previas necesarias para coñecer as circunstancias do caso concreto e, en función do seu resultado, decidir de xeito motivado sobre a conveniencia ou non de iniciar o procedemento.

Artigo 22.- Incoación do expediente

1. O procedemento para esixir o cumprimento dos deberes contidos nesta Ordenanza poderá iniciarse de oficio ou a instancia de parte:

- a. Como consecuencia da actuación dalgún servizo municipal que detecte a existencia dun incumprimento de ditos deberes.
- b. Como consecuencia de informes evacuados polos servizos técnicos nas inspeccións programadas que se realicen.
- c. Por denuncia.

2. No Acordo de inicio do expediente figurará a referencia catastral do inmovible e os datos sobre a súa titularidade e localización, así como as circunstancias que deron lugar ao mesmo.

Artigo 23.- Informes e audiencia ao interesado

1.- Antes de ditar unha orde de execución deberase emitir informe técnico y xurídico polos servizos municipais.

2.- Unha vez emitidos os devanditos informes, darase trámite de audiencia ao interesado por prazo non inferior a dez días. No caso de inmobles abandonados en relación cos cales non se poida determinar a titularidade por medio de consulta ao Rexistro da Propiedade e o Catastro; a notificación do trámite de audiencia levarase a cabo conforme determina o artigo 44 da Lei 39/2015, de 1 de outubro; do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, é dicir; por medio de edictos no Boletín Oficial correspondente e o Taboleiro de Edictos do Concello.

Artigo 24.- Resolución

1.- Unha vez informadas as alegacións presentadas, e considerados os informes emitidos, ditarase resolución polo órgano competente coa orde de execución.

2.- O prazo máximo para ditar e notificar a orde de execución será de seis meses desde o acordo da súa iniciación de oficio ou, no caso de iniciarse a solicitude de persoa interesada, desde a recepción da solicitude no rexistro municipal.

Transcorrido o prazo indicado sen que se notificara resolución expresa, producirase a caducidade do procedemento iniciado de oficio, sen prexuízo de poder iniciarse un novo procedemento no caso de persistir o obxecto que motivou a tramitación do expediente. Nos procedementos tramitados a solicitude de persoa interesada, o vencemento do prazo máximo sen notificarse a resolución expresa lexítima ao interesado ou interesados que deducisen a solicitude para entendela estimada por silencio administrativo.

Artigo 25.- Medidas por incumprimento

1. As ordes de execución son executivas desde o momento en que se ditan. Efectuada a advertencia previa e transcorrido o prazo de execución voluntaria, no caso de persistir o incumprimento da orde de execución, a Administración municipal procederá á execución forzosa, respectando o principio de proporcionalidade.

2. O incumprimento inxustificable das ordes de execución habilitará ao Concello para adoptar calquera das seguintes medidas:

a. Execución subsidiaria á conta do obrigado.

b. Imposición de multas coercitivas, segundo o establecido no artigo 29 desta Ordenanza.

3. O Concello, atendendo ás circunstancias concorrentes en cada caso, procederá á elección da medida que estime máis conveniente.

Artigo 26.- Execución subsidiaria

1.- Transcorrido o indicado na orde de execución sen o seu cumprimento polo obrigado, por Decreto da Alcaldía ordenarase a execución subsidiaria dos traballos.

O Concello executará ditos traballos por si ou a través da persoa ou persoas que determine mediante adxudicación directa, debendo solicitarse na medida do posible, e salvo extrema urxencia na consecución dos fins previstos na presente Ordenanza, orzamento a tres empresas, se iso é posible, capacitadas para a execución das obras ou operacións.

A adxudicación efectuarase con cargo á partida correspondente do Orzamento Municipal e concretarase, no seu caso, no Decreto que ordene a execución subsidiaria.

2.- Cando fora procedente, solicitarase da Autoridade Xudicial, a autorización que contempla o artigo 91.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial.

3.- Esta medida de execución forzosa será a única á que poderá recorrer a administración no caso de tarefas de limpeza e mantemento que deban levarse a cabo en inmobles ou terreos sen dono coñecido.

Artigo 27.- Cobranza de gastos

En harmonía co disposto no artigo 102.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os gastos, danos e prexuízos orixinados pola execución subsidiaria serán a cargo do suxeito obrigado, sendo esixibles pola vía de constrinximento que se regula no artigo 101 da Lei 39/2015, de 1 de outubro; do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas,

Artigo 28.- Multas coercitivas

Ao obxecto de forzar a resistencia do propietario no cumprimento das súas obrigas e en uso do mecanismo previsto no artigo 103 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na normativa urbanística galega, o alcalde poderá impoñer hasta dez multas coercitivas, reiteradas por lapsos de tempo que sexan suficientes para cumprir o ordenado, en contía máxima, cada unha delas, do 10% do coste estimado das actuacións ordenadas.

TÍTULO V.- RÉXIME SANCIONADOR

Capítulo I.- Infraccións

Artigo 29.- infraccións

Constitúen infraccións, aos efectos desta Ordenanza, as accións ou omisións que vulneren as obrigas contidas nos artigos 6 a 17 da mesma.

Estas clasifícanse en moi graves, graves e leves segundo o estipulado no artigo seguinte.

Artigo 30. Graduación das infraccións.

1. Son infraccións moi graves:

a. As accións e omisións que constitúan incumprimento das normas que referidas á limpeza e mantemento de terreos e solares, así como a xestión da biomasa existente nos mesmos, se conteñen nos artigos 6, 7, 8, 10, 11, 12 e 14 da presente Ordenanza e que dean lugar a unha situación de grave risco de incendio por seren cometidas en época estival –entre os meses de xuño e setembro-, con condicións climatolóxicas especialmente propicias a tales efectos e existindo vivendas ocupadas próximas.

b. As accións e omisións que constitúan incumprimento das normas contidas nos artigos 16 e 17 da presente Ordenanza en relación co mantemento dos inmobles e construcións nas debidas condicións de seguridade, salubridade e hixiene, dando lugar a unha situación de grave risco para a saúde e seguridade pública habida conta da existencia de vivendas ocupadas próximas.

c. As accións e omisións que constitúan incumprimento do disposto no artigo 13.2, cando os feitos constitutivos da infracción causasen danos ao monte con custos de reposición iguais ou superiores a 1.000.000 de euros, ou cuxo prazo de reparación ou restauración sexa superior a 10 anos.

2. Son infraccións graves:

a. As accións e omisións que constitúan incumprimento das normas que referidas á limpeza e mantemento de terreos e solares, así como a xestión da biomasa existente nos mesmos se conteñen nos artigos 6, 7, 8, 10, 11, 12 e 14 da presente Ordenanza que non dean lugar a unha situación de grave risco de incendio por non teren sido cometidas en época estival –entre os meses de xuño e setembro-, con condicións climatolóxicas especialmente adversas aos efectos indicados e non existir vivendas ocupadas próximas das que se poida derivar esa especial situación de risco.

b. As accións e omisións que constitúan incumprimento das normas contidas nos artigos 16 e 17 da presente Ordenanza en relación co mantemento dos inmobles e construcións nas debidas condicións de seguridade, salubridade e hixiene, que non dean lugar a unha situación de grave risco para a saúde e seguridade pública debido á inexistencia de vivendas ocupadas próximas.

c. As accións e omisións que constitúan incumprimento do disposto no artigo 13.2, cando os feitos constitutivos da infracción causasen danos ao monte con custos de reposición iguais ou superiores a 10.000 euros e inferiores a 1.000.000 de euros, ou cuxo prazo de reparación ou restauración sexa inferior a 10 anos e superior a seis meses.

3. Consideraranse infracción leve:

a. O incumprimento do previsto no artigo 9 da presente Ordenanza por non ter presentado comunicación a Alcaldía, antes do comezo, das tarefas de limpeza de solares prevista no artigo 7 da mesma.

b. As accións e omisións que constitúan incumprimento do disposto no artigo 13.2, cando os feitos constitutivos da infracción non causasen prexuízos ao monte ou cando, de existir danos, os seus custos de reposición sexan inferiores a 10.000 euros, ou o prazo para a súa reparación ou restauración non supere os seis meses.

Capítulo II.- Sancións.

Artigo 31.- Sancións

1. Conforme ao artigo 141 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, as sancións que se impoñerán aos infractores serán as seguintes:

1.1. Por comisión de infraccións leves:

- Multa de 100 a 500 euros.

1.2. Por comisión de infraccións graves:

- Multa de 501 a 1.500 euros.

1.3. Por comisión de infraccións moi graves:

- Multa de 1.501 a 3.000 euros.

2. As sancións graduaranse en función dos seguintes criterios:

- a. Grado de intencionalidade.
- b. A reiteración, entendida como a concorrencia de varias irregularidades ou infraccións que se sancionen no mesmo procedemento.
- c. A situación de risco creado para as persoas ou os bens.
- d. Natureza dos prexuízos causados.

Artigo 32.- Responsables

Son responsables no procedemento sancionador que deberá ser tramitado con ocasión da comisión das infraccións antes citadas, as persoas que, segundo o establecido no artigo 5 da presente Ordenanza, deben dar cumprimento ás obrigas contidas na mesma.

Artigo 33.- Procedemento sancionador

1.- O órgano competente para a resolución do procedemento sancionador é o alcalde, conforme dispón o artigo 21.1.k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, sen prexuízo das facultades de delegación nun concelleiro.

2.- A potestade sancionadora exercerase mediante o procedemento establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Capítulo III.- Recursos

Artigo 34.- Executividade e impugnación

Contra as resolucións da Alcaldía ou órgano competente, nas que se plasmen as ordes de execución, que poñan fin á vía administrativa, cabe interpoñer recurso potestativo de reposición ou recurso contencioso-administrativo.

DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA

A presente ordenanza será obxecto de publicación íntegra no BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE LUGO, trala aprobación polo Pleno da Corporación, entrando en vigor unha vez transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, por remisión ao artigo 70.2 da citada Lei.

O devandito acordo pode ser recorrido no prazo de dous meses seguintes á publicación do mesmo no BOLETÍN OFICIAL ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a teor do preceptuado no artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso- Administrativa.

ANEXO I

Comunicación previa de corta de árbores en solo urbano, solo non urbanizable de núcleo rural e solo non urbanizable de tolerancia exterior a núcleo para máis de 10 toneladas de madeira extraída.

Datos da persoa solicitante

Nome e apelidos/Razón social _____ NIF/DNI/NIE _____

Nome e apelidos do representante _____ NIF/DNI/NIE _____

Enderezo _____ CP _____ Localidade _____ Provincia _____

Teléfono _____ Enderezo de correo electrónico _____

Autoriza o enderezo electrónico a efectos de notificacións.

Localización da corta

Lugar _____ Parroquia _____

Polígono e parcela catastral _____ ou Referencia catastral _____

Características da corta

Nome da árbore	Nº de árbores a cortar

Declaración responsable

Declara baixo a súa exclusiva responsabilidade que é certo o que manifesta e, en todo caso:

- ☐ Que as características indicadas reflicten fielmente a corta a realizar.
- ☐ Que se cumprirán os requisitos da normativa específica.
- ☐ Que conta coas autorizacións para a ocupación do dominio público ou sectoriais que resulten necesarias.
- ☐ Que achega toda a documentación preceptiva.

Autoriza, aos efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, a esta administración á comprobación telemática con outras Administracións públicas de datos declarados e demais circunstancias relativas ao exercicio da actividade a desenvolver.

E comunica que executará a corta a partir do día _____ (a comunicación debe realizarse cun mínimo 24 horas de antelación á realización da corta) cun prazo de execución de 6 meses.

En O Valadouro, a _____ de _____ de 20__

Asdo.

O Valadouro, 4 de xuño de 2025.- O alcalde-presidente, José Manuel Lamela Piñeiro.

R. 1588

Anuncio

PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL PARA O NOMEAMENTO DUN OPERARIO CONDUTOR PARA O TRACTOR DESTINADO Á CAMPAÑA DE INCENDIOS FORESTAIS 2025-2026 AO ABEIRO DO CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E A ENTIDADE LOCAL, CONCELLO DE VALADOURO (O), PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DURANTE OS ANOS 2025-2026, COFINANCIADO PARCIALMENTE CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PLAN ESTRATÉXICO DA POLÍTICA AGRARIA COMÚN (PEPAC) 2023-2027.

1. INTRODUCCIÓN:

As entidades locais teñen atribuídas, a teor dos artigos 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, competencias en materia de protección do medio ambiente, protección civil e prevención e extinción de incendios.

A Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, establece as medidas preventivas que facilitan a loita contra o lume e que sirvan así mesmo para aposta en valor da potencialidade produtiva, ecolóxica e social do monte galego como base do

desenvolvemento sustentable do medio rural.

Así, o artigo 8 establece que as administracións públicas de Galicia colaborarán entre si e cooperarán nas tarefas de prevención e loita contra os incendios forestais, achegando os medios materiais, económicos e humanos á súa disposición.

Tamén o artigo 59 establece que: “A Xunta de Galicia colaborará coas entidades locais para a prevención e a extinción de incendios, ben a través de medios propios ben por medio de mecanismos de apoio económico.

2. OBXECTO DO PROGRAMA:

O obxecto do presente programa, denominado “Programa de carácter temporal para o nomeamento dun operario condutor para o tractor destinado á campaña de incendios forestais 2025-2026, ao abeiro do Convenio entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local, Concello de Valadouro (O), para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante os anos 2025-2026, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan Extratécnico da Política Agraria Común” é o nomeamento de 1 funcionarios interinos para o posto de 1 operario condutor de tractor destinado á campaña de incendios forestais 2025-2026 do Concello do Valadouro.

Os custos salariais deste funcionario interino serán con cargo ao devandito Convenio asinado en data 25 de abril de 2025.

A Consellería do Medio Rural financiará, con cargo á aplicación orzamentaria 15.02.551B.760.0 dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2025/26, cofinanciada

parcialmente polo Feader no marco PEPAC 2023-2027

ACTUACIÓNS EN MATERIA DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS

d) Tratamentos preventivos de xeito mecanizado:

Anualidade 2025: 24.500,00

Anualidade 2026: 24.500,00

Fondos FEADER+Cofinanciamento

3. XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE

Visto que os incendios forestais constitúen unha grave ameaza para as políticas de desenvolvemento rural, ademais de comprometer a sustentabilidade económica, ambiental e social de Galicia. Actuar contra este desafío esixe promover accións preventivas.

Polo que se van a realizar as accións de colaboración de conformidade co disposto no devandito convenio e no PAP.

Xustificar a súa realización e o cumprimento da finalidade e dos requisitos e condicións deste convenio ante a Dirección Xeral de Defensa do Monte.

Dentro do Convenio recóllense os “Tratamentos preventivos de xeito mecanizado”: rozas mecanizadas de matogueira con apeirorizador de cadeas ou similar acoplado a tractor.

4. DURACIÓN

A duración do presente programa esténdese por **dúas anualidades**, que se levará a acabo en dúas fases:

- Anualidade 2025: 1 operario condutor de tractor, dende a comunicación de inicio da operatividade, con posterioridade á aprobación do PAP, e cunha duración máxima de ata o 15 de setembro de 2025, salvo posible addenda ao convenio no referido aos prazos de xustificación.
- Anualidade 2026: 1 operario condutor de tractor, dende a comunicación de inicio da operatividade, con posterioridade á aprobación do PAP, e cunha duración máxima de ata o 15 de setembro de 2026, salvo posible addenda ao convenio no referido aos prazos de xustificación.

En todo caso se producirá a finalización do programa coa finalización da vixencia do Convenio entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local, Concello de Valadouro (O), para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante os anos 2025-2026, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan Extratéxico da Política Agraria Común.

5. PREVISIÓN DE EFECTIVOS

Para a execución do presente programa será preciso o nomeamento de 1 funcionario interino como operario condutor do tractor de incendios, que cumpran cos seguintes requisitos:

a) Ter a nacionalidade española. Tamén os nacionais dos Estados Membros da Unión Europea, os cónxuxes dos españois e dos nacionais doutros Estados Membros da Unión Europea, calquera que sexa a súa nacionalidade e sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade dependentes; as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores; e os estranxeiros co residencia legal en España.

b) Ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo. A estes efectos, establécese a igualdade de condicións das persoas con diversidade funcional cos demais aspirantes, non podendo fixarse con carácter xeral limitacións físicas ou psíquicas senón nos casos en que sexan incompatibles co normal desempeño do traballo correspondente, adoptándose polo Tribunal cualificador medidas e medios para a realización das probas, de forma que gocen de igualdade de oportunidades cos demais participantes. A condición de minusvalía e a súa compatibilidade acreditarase con certificación expedida polo organismo competente.

d) Non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin se achar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para acceso ao Corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que houbese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Non incorrer en causa de incompatibilidade ou de incapacidade, conforme á normativa vixente.

Para o nomeamento acudirase á bolsa de emprego para cubrir as posibles necesidades temporais que sucedan por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, nos postos de operario - condutor deste Concello, a cal ten unha vixencia máxima de 5 anos, e que foi aprobada por Resolución da Alcaldía 266/2025, de data 14 de abril de 2025, de acordo coa Resolución 361/2025, de data 2 de xuño de 2025, pola que se acorda empregar a bolsa de emprego funcional para a cobertura de postos de operario condutor e deixar sen efecto práctico a bolsa laboral vixente “operario-condutor” para o manexo de tractor desbrozador dentro do Servizo de protección de espazos naturais e prevención e extinción de incendios.

6. FUNCÍONS

Os funcionarios interinos nomeados para a execución deste programa desenvolverán as seguintes funcións:

Traballos de tratamentos preventivos de xeito mecanizado de acordo coa planificación detallada recollida no PAP aprobado.

Respecto á xornada laboral e horario de traballo do funcionario interino que sexa nomeado ao abeiro do presente programa, adecuarase á xornada ordinaria do Concello de O Valadouro, podendo sufrir cambios por necesidades do servizo.

7. ÓRGANO RESPONSABLE

O órgano responsable da execución deste programa será a Alcaldía.

8. CESE

O funcionario interino nomeado ao abeiro deste programa cesará o día 15 de setembro de cada anualidade da súa vixencia.

O Valadouro, 6 de xuño de 2025.- O Alcalde-Presidente, José Manuel Lamela Piñeiro.

R. 1624

VIVEIRO*Anuncio*

Elevado a definitivo por non terse presentado reclamacións durante o período de exposición ao público, Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 090 do 21 de abril de 2025, o acordo adoptado polo pleno do Concello de Viveiro en sesión ordinaria celebrada o día 09 de abril de 2025 no que se aprobou provisionalmente a modificación do Regulamento do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Viveiro, procédese á publicación íntegra do texto de dito regulamento, segundo o segundo o que se estipula no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local,

ANEXO**REGULAMENTO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE VIVEIRO****ÍNDICE****EXPOSICIÓN DE MOTIVOS****CAPITULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS**

- Obxecto e Ámbito. Artigo 1
- Obxectivos. Artigo 2

CAPITULO II .- TIPOLOXÍA DAS ATENCIÓNS.

- Contido do Servizo.- Artigo 3
- Persoas destinatarias.- Artigo 4

CAPITULO III - DEREITOS E DEBERES DAS PERSOAS USUARIAS. Artigos 5 e 6**CAPITULO IV - ACCESO O SERVIZO**

- Modalidades de Acceso ao Servizo. Artigo 7
- Criterios de Organización e Procedemento. Artigos 8 ao 12
- Causas de denegación, extinción, modificación e suspensión temporal do servizo . Artigos 13 ao 15
- Coordinación e Seguimento. Artigo 16
- Intensidade na prestación do servizo. Artigo 17

CAPITULO VI - REXIME SANCIONADOR: FALTAS E SANCIÓN

- Faltas e Sancións. Artigo 18

CAPITULO VII - REXIME ECONOMICO E FINANCEIRO. Artigos do 19 ao 21**DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA****DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA****DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA****DISPOSICIÓN ADICIONAL CUARTA****DISPOSICIÓN DEROGATORIA DISPOSICIÓN FINAL****Exposición de Motivos**

A Lei 13/2008 de servizos sociais de Galicia define e regula os servizos sociais comunitarios así coma o seu financiamento e con carácter xeral atribúe aos concellos galegos a competencia na xestión dos servizos sociais comunitarios, entre eles a axuda no fogar. En desenvolvemento desta Lei a Consellería de Traballo e

Benestar aprobou o Decreto 99/2012, do 16 de marzo polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Neste Decreto establece novas regras de cálculo para o servizo de axuda no fogar para as persoas en situación de dependencia que teñen o dereito e atención recoñecido, e para as persoas usuarias do servizo de axuda no fogar de carácter básico .

Con data 24 de setembro de 2013 publicouse o Decreto 149/2013 do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo; que modifica o copago de axuda no fogar nas persoas valoradas como dependentes e na súa disposición derradeira cuarta establece que as corporacións locais disporán dun prazo de seis meses , contados desde o día seguinte ao da publicación deste decreto para a súa adaptación das súas ordenanzas ao disposto na presente norma.

Polo que cómpre adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar co fin de dar cumprimento ao establecido na disposición derradeira primeira do citado decreto.

En consecuencia e coa finalidade de garantir unha equidade, calidade e intensidade homoxéneas nos tipos de atención e os criterios de participación económica das persoas usuarias, o Concello de Viveiro de conformidade co marco normativo referenciado que confire aos concellos a potestade regulamentaria, e de autoorganización dentro da esfera das súas competencias, modifica o seguinte articulado do regulamento de axuda no fogar do concello de Viveiro.; sendo a nova redacción do seguinte tenor literal.

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Obxecto e Ámbito

A presente Ordenanza ten por obxecto establecer o marco dos Servizos de Axuda no Fogar (en adiante SAF) no Concello de Viveiro, como prestacións básicas do Sistema Público de Servizos Sociais que proporcionan unha serie de atencións ou coidados de carácter persoal, doméstico, psicosocial, educativo, técnico e comunitario, prestadas dentro ou fora do domicilio, dende unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desestructuración familiar dos cidadáns de Viveiro.

Artigo 2. Obxectivos

O obxectivo xeral do SAF é promover unha mellor calidade de vida das persoas, potenciando a súa autonomía e unhas condicións axeitadas de convivencia no seu propio contorno familiar e socio comunitario. Partindo deste obxectivo xeral, podemos destacar os seguintes obxectivos específicos do Servizo de Axuda no Fogar:

- 1.- Favorecer a permanencia das persoas no seu contorno habitual o maior tempo posible e co maior grao de calidade de vida.
- 2.- Optimizar as destrezas, capacidades e habilidades persoais e familiares que permitan o máximo grao de autonomía.
- 3.- Mellorar o equilibrio persoal do individuo fortalecendo a colaboración coas redes naturais de apoio, especialmente da familia, previndo posibles problemas de afastamento e soidade.
- 4.- Atender situacións conxunturais de crise persoal e/ou familiar que afecten á autonomía persoal ou social.
- 5.- A promoción de formas de apoio social comunitario de tipo voluntario que contribúan ó acompañamento de persoas atendidas.
- 6.- Apoiar e complementar a labor da familia en situacións de sobrecarga derivadas da atención de persoas dependentes ou de crise familiar.
- 7.- Favorecer a conciliación da vida familiar e laboral.
- 8.- Ofrecer coidados e intervencións de carácter socio educativo a unidades familiares con menores a cargo e outras situacións obxecto de intervención social.
- 9.- Proporcionar períodos de descanso ao coidador. Respiro familiar.
- 10.- Ofrecer apoio e formación aos coidadores

CAPÍTULO II .- TIPOLOXÍA DAS ATENCIÓNS

Artigo 3.- Contido do Servizo.

O SAF ten a consideración de prestación básica, que non exime á familia das súas responsabilidades, se non que as reforza e as complementa, con planificación, coordinación e control público, a través de persoal cualificado que presta unha serie de atencións ou coidados de carácter persoal, psicosocial e educativo, doméstico e técnico, ás familias e persoas con dificultades para procurar o seu benestar físico, social e psicolóxico, proporcionándolle a posibilidade de continuar no seu contorno habitual, mentres isto sexa posible e axeitado.

De conformidade coa valoración realizada polos servizos sociais, no marco da axuda no fogar poderán prestarse os seguintes tipos de atención de carácter básico e/ou complementario, de acordo coa seguinte tipoloxía:

1.- Atencións de Carácter Básico.-

a) Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, tales como:

- Asistencia para levantarse e deitarse.
- Apoio no coidado e hixiene persoal, así como para vestirse.
- Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.
- Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos prescritas por facultativos.
- Apoio ou axuda para cambios posturais, mobilizacións, orientacións espaciais temporais.
- Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.

b) Atencións de carácter persoal na realización doutras actividades da vida diaria, tales como:

· Acompañamento fóra do fogar para acudir a consultas, tratamentos ou a outras actividades de ocio e/ou convivencia social.

· Apoio na realización de xestións necesarias ou urxentes. c) Atencións das necesidades de carácter doméstico e da vivenda, tales como:

- Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.
- Compra de alimentos e outros produtos de uso común.
- Preparación dos alimentos.
- Lavado e coidado das prendas de vestir.
- Coidados básicos da vivenda.

d) Atencións de carácter psicosocial e educativo tales como:

Intervencións técnico profesionais formativas e de apoio ó desenvolvemento das capacidades persoais, á afectividade, á convivencia e á integración na comunidade así como á mellora da estruturación familiar.

2.- Atencións de Carácter Complementario, que poderá incorporar, entre outros, os seguintes tipos de atencións:

a) Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables. b) Respiro familiar, segundo o establecido pola lexislación vixente.

c) Prestacións de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguimento, teleasistencia e similares.

d) Prestacións que favorezan a conciliación da vida familiar e laboral.

e) Adaptacións funcionais do fogar.

f) Servizo de podoloxía. g) Servizo de fisioterapia.

h) Servizo de lavandería, servizo de xantar na casa.

3.- Poderán integrarse, ademais, dentro do servizo de axuda no fogar, determinadas atencións e actividades que se desenvolvan fóra do marco do domicilio da persoa usuaria, sempre que, de acordo coa prescrición técnica sobre o contido do servizo, incidan de maneira significativa na posibilidade de permanencia no fogar e na mellora da autonomía e a calidade de vida.

4.- En todo caso as atencións prestadas, terán un carácter de reforzo e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu contorno inmediato, de maneira que se facilite e promova a súa autonomía.

5.- En ningún caso poderán formar parte das actuacións desenvolvidas polo servizo:

· A realización de actividades domésticas que non fosen incluídas no proxecto de intervención (anexo II) e no acordo de servizo (anexo III).

· Actuacións que, polo seu carácter sanitario, deban en todo caso ser realizadas por persoal facultativo.

Artigo 4.- Persoas destinatarias

De acordo co establecido no artigo 5 da Orde do 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar, o servizo estará aberto a todas as persoas ou unidades de convivencia para as que de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá ás persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando

carezan de apoio persoal no seu contorno inmediato así como os fogares con menores en que se observe necesidade dunha intervención de carácter socio educativo. Tamén poderá dar unha resposta preventiva e socializadora a diversas situacións de familias en risco de exclusión social, ou que precisen unha medida temporal de apoio para a consecución dun fin establecido nun proxecto de intervención social.

En todo caso darase prioridade no acceso ao servizo ás persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia.

Os criterios para a concesión do servizo rexeranse polos seguintes aspectos:

- Autonomía persoal para a realización das actividades.
- Situación socio-familiar.
- Outras: menores a cargo, accesibilidade.

CAPITULO III - DEREITOS E DEBERES DAS PERSOAS USUARIAS

Artigo 5.-Dereitos das persoas usuarias

As persoas usuarias do servizo, no marco dos dereitos que con carácter xeral se lle recoñecen na lexislación aplicable, artigo 6 da Lei 13/2008 de servizos sociais de Galicia, e normativa vixente terán dereito:

1. A seren tratadas co respecto debido á súa dignidade.
2. A recibiren unha atención adaptada ás súas necesidades, coa calidade e duración prescritas en cada caso.
3. A coñeceren a organización e o regulamento do servizo.
4. A coñeceren a situación do seu expediente.
5. Ao tratamento confidencial dos seus datos de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
6. A recibiren información precisa e clara sobre as posibles modificacións sobrevidas durante a prestación efectiva do servizo.
7. A presentaren queixas e suxestións ao persoal coordinador do servizo cando expresaren reclamacións ou fixeren suxestións sobre a súa prestación efectiva.

Artigo 6.-Deberes das persoas usuarias

As persoas usuarias, no marco dos deberes que con carácter xeral se recollen no artigo 7 da Lei 13/2008, de servizos sociais e normativa vixente, terán os seguintes deberes:

1. Residir efectivamente no domicilio e no termino municipal de Viveiro
2. Cumprir coas condicións do servizo, facilitándolle a execución das tarefas ao persoal a cargo e poñendo á súa disposición, se é o caso, os medios materiais necesarios.
3. Colaborar, na medida das súas posibilidades, no desenvolvemento do servizo en función das súas capacidades e nos termos acordados en cada caso.
4. A facilitar e colaborar no seguimento e avaliación do servizo.
5. Respetar a dignidade persoal e profesional das persoas que presten o servizo, así como respectar os límites das súas obrigas laborais. Observar unha conducta baseada no mutuo respecto, tolerancia e colaboración encamiñada a facilitar unha mellor con vivencia.
6. Informar dos cambios de calquera circunstancia que impliquen unha modificación na súa capacidade económica, así como de circunstancias relevantes de carácter persoal ou familiar que puidesen dar lugar á modificación, suspensión ou extinción na prestación do servizo.
7. Manter informado sobre os aspectos relativos á súa saúde para mellorar a súa atención, e permitir adoptar as medidas preventivas que se requiran.
8. Participar no pagamento do servizo nos termos que se estableza na súa norma reguladora.
9. Poñer a disposición do persoal do programa os medios, útiles ou ferramentas necesarios e imprescindibles para a prestación do servizo (deterxentes, utensilios de limpeza...)
10. Manter animais domésticos libres de parasitos e debidamente vacinados.
11. Comunicar enfermidades infecto contaxiosas para tomar medidas de protección necesarias para os profesionais e facilitar datos médicos co obxecto de cumprir a normativa de prevención de riscos laborais.
12. A comunicar, en circunstancias ordinarias e previsibles, con dez días de antelación, calquera ausencia temporal do domicilio que puidese impedir a prestación do servizo

CAPITULO IV - ACCESO O SERVIZO

Artigo 7.- Modalidades de Acceso ao Servizo

O acceso ao servizo producirase, segundo o artigo 13 da Orde do 22 de xaneiro de 2009 que regula o servizo de axuda no fogar, a través dos servizos sociais comunitarios básicos, de acordo coas seguintes modalidades:

1.- Acceso DIRECTO:

Para persoas que, tendo recoñecida a situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de Programa Individual de Atención (PIA), consonte o establecido no Decreto 176/2007, do 6 de setembro, polo que se regula o procedemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema na Comunidade Autónoma de Galicia, así como na Orde do 17 de decembro de 2007, pola que se establece os criterios para a elaboración do programa individual de atención, fixación de intensidades de protección dos servizos, réxime de incompatibilidades das prestacións e xestión das prestacións económicas.

Trátase dun SAF de carácter preventivo cunha temporalidade indefinida.

SAF – Dependencia para respiro: Igual modalidade que o anterior pero con menor intensidade. Orientado a proporcionar un apoio de respiro a familias, aos cuidadores, etc.

A resolución relativa ao programa individualizado de atención terá a consideración de resolución de asignación e incorporación ao servizo.(orde de 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar)

As persoas dependentes valoradas que, polo calendario oficial de implantación, teñan dereito á prestación pola vía de acceso directo do sistema da dependencia (PIA con posible asignación de servizos de axuda no fogar), non poderán acceder polo sistema de libre concorrencia.

2.- Acceso de LIBRE CONCORRENCIA :

a) Para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, o acceso ao servizo, logo de prescrición técnica favorable dos servizos sociais comunitarios, que se resolvera en réxime de libre concorrencia de acordo cos criterios establecidos nesta ordenanza.

Trátase dun SAF de carácter preventivo cunha temporalidade definida no proxecto de intervención (anexo II) e unha intensidade de atención non superior 50 horas/mes.

A súa renovación estará suxeita a revisión.

b) De igual maneira á expresada no punto anterior procederase nas situacións en que a problemática principal estea relacionada con aspectos de convivencia e socio educativos e comunitarios.

Nos supostos recollidos nos apartados a) e b) deste artigo empregarase un baremo no que, ademais dos posibles déficits de autonomía, se valoren factores de carácter persoal e socio familiar, o apoio social, a situación da vivenda e outros que dificulten obxectivamente a normalización social e a calidade de vida, e que se recolle no anexo 1 desta ordenanza.

3.- Acceso por URXENCIA SOBREVENIDA.

A alta deberá producirse nun prazo inferior a 72 horas. A duración non superará os 3 meses salvo prescrición técnica debida e motivada. Transcorrido o prazo (3 meses) para manter a alta no servizo, deberá acudir ás condicións requiridas para a libre concorrencia ou acceso directo, segundo o caso.

Artigo 8.- Criterios de Organización e Procedemento

1.- O servizo de axuda no fogar estará integrado nos servizos sociais comunitarios básicos de acordo co establecido no artigo 11 da Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia e será coordinado por un/unha profesional cunha cualificación mínima de diplomado en traballo social, do equipo de traballo de servizos sociais do Concello de Viveiro.

2.-O procedemento a desenvolver na modalidade de ACCESO DIRECTO (SAF dependencia) ao servizo a través da resolución do PIA será a seguinte:

2.a.- Rexistro de entrada da resolución do PIA.

2.b.- Derivación á UTS correspondente en función do domicilio do usuario, que recabará información sobre a dispoñibilidade de praza efectiva..

2.c.- O persoal técnico da UTS, como cumprimento do artigo 14 3 c) da orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar, ou lexislación vixente procederá a realizar visita domiciliaria para a apertura do expediente o proxecto de Intervención (anexo II) e informe social no que fará constar a capacidade económica da persoa usuaria e, de se lo caso, a cota de cofinanciamento que lle corresponda.

2.d.- En caso de desistimento da persoa interesada, esta expresará por escrito dita circunstancia, que será notificada á Xunta de Galicia.

Se ten que participar no cofinanciamento do servizo, deberá incorporar ao expediente unha orde de domiciliación bancaria, e por cada cargo correspondente ao servizo de atención domiciliaria recibido, remitiráselle un recibo ou carta de pago por parte do Concello. No caso de pasar á lista de agarda notificarase esta situación coa puntuación obtida o/a interesado/a á UTS, e á entidade prestadora do servizo.

2.f.- O servizo iniciárase previa presentación do persoal da entidade prestadora do servizo por parte da UTS.

3.- No acceso en LIBRE CONCORRENCIA será de aplicación o seguinte:

3.a) O procedemento iniciárase por instancia de parte, mediante a solicitude, e documentación requirida, que se presentaran en modelo oficial no Rexistro Xeral do Concello, sen prexuízo do previsto no artigo na lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e o procedemento administrativo común. Dita solicitude irá asinada pola persoa interesada ou representante legal e, na mesma reflectirase a prestación ou prestacións que solicita do SAF.

3.b) As solicitudes serán derivadas á UTS, onde o persoal técnico, como cumprimento do artigo 14.3 c) da orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar, ou lexislación vixente, procederá a realizar visita domiciliaria para a apertura do expediente¹, o proxecto de Intervención (anexo II) e informe social no que fará constar a capacidade económica da persoa usuaria e, de se lo caso, a cota de cofinanciamento que lle corresponda.

3.c) A solicitude, resolverase por decreto do/a alcalde/sa, quen pode delegar esta competencia de conformidade co disposto no artigo 21.3º da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. Transcorrido un prazo máximo de tres meses, a contar dende o día seguinte a o que fora completada a documentación preceptiva, sen formalizarse dita resolución a persoa interesada deberá entender denegada a súa solicitude.

A resolución sobre a decisión, será motivada e deberá conter, entre outros, os seguintes extremos:

1.- Aprobación ou denegación do servizo.

2.- Condicións da concesión, indicando polo menos: As atencións aprobadas. Disponibilidade de alta efectiva ou paso a lista de agarda especificando a puntuación obtida. Intensidade horaria: número de horas de atención mensual. Prezo público do servizo que satisfará a persoa beneficiaria. Coste directo do servizo que satisfará o Concello.

3.- Información sobre os recursos que contra a mesma procedan, órgano administrativo ou xudicial perante o que presentalos e prazo para interpoñelos, sen prexuízo de que o/as interesado/as poidan exercer calquera outro que estimen oportuno.

A resolución de aprobación que se dite, notificarase á persoa interesada ou representante legal da mesma, á Unidade de Traballo Social e á entidade prestadora do servizo.

En caso de denegación, farase constar as causas que orixinaron dita resolución e serán notificadas á persoa interesada ou representante legal da mesma e á Unidade de Traballo Social.

Ademais da resolución á que se refire o punto anterior, porá fin ó procedemento o desistimento, a renuncia, a declaración de caducidade, así como a imposibilidade material de continuo servizo pola aparición de causas sobrevidas.

3.e).- Unha vez aprobada, e existindo disponibilidad de praza no servizo, notificarase á persoa interesada ou representante legal da mesma, á Unidade de Traballo Social, e a entidade prestadora do servizo, o alta efectiva do servizo que se producirá segundo o caso en no prazo convindo.

3.f). Unha vez notificadas a resolución de concesión do servizo, deberán acordarse, entre os servizos sociais comunitarios do Concello e a persoa usuaria ou representante legal da mesma, as condicións básicas da prestación que se substanciarán no acordo de servizo (anexo III). A súa sinatura posibilitará o inicio da prestación do/s servizo/s concedido/s.

Se ten que participar no cofinanciamento do servizo, deberá incorporar ao expediente unha orde de domiciliación bancaria, e por cada cargo correspondente ao servizo de atención domiciliaria recibido, remitiráselle un recibo ou carta de pago por parte do Concello.

4.- Cando circunstancias debidamente acreditadas no expediente así o xustifiquen, o procedemento de acceso ao servizo poderá iniciarse de oficio. Se se inicia de oficio, deberá garantirse na súa tramitación os requisitos e circunstancias documentais fixados para o caso de iniciarse a instancia de parte.

5.- No caso de extrema e urxente necesidade sobrevenida, debidamente xustificada, a traballador/a social da UTS propondrá a inmediata concesión e inicio da prestación sen que a solicitude e a documentación estea debidamente cumprimentada, mediante resolución motivada do/a alcalde/sa ou do membro da corporación local delegado/a de servizos sociais.

Poderase iniciar previa solicitude e/ou de oficio a prestación do servizo de maneira inmediata, a instancia da xefatura de servizo de Servizos Sociais, e sen prexuízo da posterior instrución do correspondente expediente, comunicando á entidade prestadora do servizo o seu inicio cun prazo máximo de 72 horas.

6.- Na prestación do servizo, ademais do persoal profesional, poderá colaborar persoal voluntario baixo a supervisión técnica dos servizos sociais comunitarios deste Concello. Para estes efectos estarase ao previsto na lexislación en vigor sobre voluntariado.

7.- No caso de tratarse de intervencións de carácter socio educativo derivadas dun diagnóstico de desestruturación familiar, deberán incorporarse ao proceso, de acordo coas circunstancias do fogar de que se trate, un técnico medio ou superior do equipo de servizos sociais especialista en intervención familiar.

Artigo 9.- Requisitos

Para solicitar os servizos de atención domiciliaria deberán reunirse os seguintes requisitos: Estar empadroado no municipio de Viveiro e ter residencia no mesmo. Aportar a documentación esixida. Ser valorado como recurso idóneo a aplicar polo equipo de servizos sociais

Artigo 10.- Documentación

As solicitudes presentaranse en modelo normalizado acompañando a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI /NIE da/o interesada/o.
- No caso en que a persoa solicitante actúe a través de representante deberá presentar: fotocopia compulsada do DNI/NIE/pasaporte da persoa quen teña dita representación e documento acreditativo da representación invocada (copia compulsada da sentenza de incapacitación legal e nomeamento de titor/representante legal, ou apoderamiento notarial); e , en caso de non presentar os documentos precedentes deberá cubrir unha declaración de gardador de feito segundo modelo oficial que lle facilitará o departameto de Servizos Sociais. compulsada do DNI/NIE/pasaporte da persoa quen teña dita representación.
- Fotocopia do libro de familia, no caso de menores de idade.
- Informe das condicións de saúde, facendo mención das medidas preventivas a ter en conta, de ser o caso.
- Xustificante dos ingresos da persoa solicitante, cónxuxe ou parella de feito, ascendentes, e fillos maiores de 25 anos con discapacidade, que dependesen economicamente dos citados perceptores (segundo o establecido no artigo 20 da presente ordenanza)a través dalgunha da seguinte documentación:
- Certificado de pensión do Organismo competente.
- Certificación do INEM acreditativa de estar en situación de desemprego e de percepción, ou non, de prestacións de ser o caso.
- Xustificante das percepcións doutras prestacións sociais, de ser o caso. · Impreso de domiciliación bancaria, de ser o caso.
- Autorización ó Concello , a solicitar da Axencia Estatal de Administración Tributaria, información de natureza tributaria.
- Declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas e, se é o caso, sobre o patrimonio ou certificación acreditariva dos datos contidos nelas. En caso de non estar obrigado á súa presentación , certificado de imputacións do IRPF expedido pola delegación da Axencia Tributaria correspondente e certificado de presentación negativo no caso do imposto sobre o patrimonio. Esta información poderá obterse de xeito informático polo Concello logo da autorización dos interesados. Teráanse en conta os datos correspondentes á última declaración fiscal dispoñible .
- Xustificante das cargas e gravames que diminúan o valor do patrimonio, así como das débedas e obrigas persoais das que deba responder. Non forma parte do patrimonio a vivenda habitual en que se preste o servizo e os bens e dereitos cualificados como exentos na normativa aplicable sobre o imposto do patrimonio. Nos supostos de cotitularidade, só se terá en consideración a porcentaxe correspondente á propiedade do/a beneficiario/a.
- Nos casos de acceso directo ao servizo, copia da resolución do PIA acreditativa da concesión da prestación do servizo en modalidade SAF, ou SAF Respiro.

As persoas que padezan algunha discapacidade física, psíquica ou sensorial presentarán o certificado do organismo público onde se recoñeza a citada discapacidade e/ou invalidez

- Fotocopia do DNI /NIE da/o interesada/o.
- No caso en que a persoa solicitante actúe a través de representante deberá presentar: documento acreditativo da representación invocada (copia compulsada da sentenza de incapacitación legal e nomeamento de titor/representante legal ou apoderamento notarial); en todo caso, fotocopia compulsada do DNI/NIE/pasaporte da persoa quen teña dita representación. No caso en que non existan os

documentos precedentes deberá asinar unha declaración formal de gardador de feito segundo modelo oficial que lle facilitará o departamento de Servizos Sociais.

Con independencia desta documentación o Concello poderá esixir os documentos complementarios que, durante a tramitación do expediente, estime oportunos en relación coa prestación solicitada.

O persoal de Servizos Sociais recabará de oficio, por si mesma, a través doutros departamentos municipais o extra municipais información relativa ó cumprimento dos requisitos de empadramento e daqueles outros indispensables que non se acreditan suficientemente.

O Concello reservase as actividades inspectoras que estime convenientes sobre os datos achegados e relacionados co Servizo que se solicita.

Artigo 11.- Subsanación da solicitude.

Si a solicitude non reunise os requisitos que sinala o artigo 70 da Lei 30/92, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, modificada pola lei 4/99, ou non se acompañase de algúns dos documentos esixidos na referida normativa, requirirase ao/a interesado/a para que no prazo de 10 días emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que se non o fixera, teráselle por desistido da súa petición, previa resolución que deberá de ser dictada nos termos previstos no artigo 42 da citada lei.

Artigo 12.- Establecemento da Lista de Agarda

En caso de ausencia de prazas, a solicitude aprobada pasará a unha lista de agarda que se ordenará por orde da puntuación obtida

Artigo 13.- Causas de denegación.

A denegación da solicitude procederá por algunha das seguintes causas:

1. Non cumprir os requisitos esixidos.
2. Non ser a necesidade alegada obxecto de cobertura polo SAF.
3. Non aceptar as condicións do servizo municipal en canto a prestacións e achega económica
4. Persistir as circunstancias que motivaron a extinción do servizo a través dun expediente sancionador.
5. Persistir as circunstancias que motivaron a denegación do servizo con anterioridade.
6. Calquera outra causa debidamente motivada.

Artigo 14.-Causas de extinción e modificación do servizo.

1.- Son causas de extinción do servizo de axuda no fogar, as seguintes:

- a) Por renuncia ou desestimento da persoa usuaria, surtindo efectos dende o derradeiro día do mes no que se notifique.
- b) O cambio de programa individual de atención ou do proxecto de intervención (anexo II) que implique un cambio de asignación de recurso e a súa incompatibilidade co servizo de axuda no fogar.
- c) Traslado definitivo da súa residencia a outro Concello ou por un período de 3 meses a outro domicilio.
- d) Falecemento da persoa usuaria ou ingreso en residencia.
- e) Incumprimento reiterado dos deberes e obrigas establecidas para as persoas usuarias na prestación do servizo.
- f) A falta reiterada de pagamento do servizo.
- g) Desaparición das causas que motivaron a prestación do servizo.
- h) Aparición de causas sobrevidas que produzan a imposibilidade material de continuar coa prestación do servizo.
- i) A ausencia inxustificada do domicilio por tempo superior a un mes.
- j) Atoparse en situación de suspensión do servizo por un período superior a tres meses.
- k) Melloría da situación ou superación das causas que orixinaron a intervención do SAF.

2.- Causas de modificación.-

- a) Con carácter xeral a alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión do servizo, poderá dar lugar á modificación das condicións de prestación nas que fora concedido inicialmente. Os cambios de circunstancias en calquera caso, deberán substanciarse no expediente individual, mediante un novo informe e acordo de servizo(anexo III).

b) As persoas usuarias que tiveran accedido ao servizo de axuda no fogar polo sistema de libre concorrência, e fosen valoradas con posterioridade correspondéndolles a efectividade do dereito, poderán ver modificadas as condicións da prestación do servizo conforme ao establecido no programa individual de atención e a normativa de aplicación.

c) As modificacións tamén poderán producirse a petición da persoa interesado/a, mediante solicitude subscrita pola mesma e coa valoración do/a traballador/a social da unidade técnica de servizos sociais, á vista dos posibles cambios da situación que motivou a concesión.

3.- Causa de extinción ou modificación.- Cando se trate dun servizo público de axuda no fogar asignado a persoas en situación de dependencia na correspondente resolución de Programa Individual de Atención, consonte o establecido no Decreto 176/2007, do 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema na Comunidade Autónoma de Galicia, a incoación, por parte da entidade titular do servizo, dun expediente de extinción ou modificación das condicións de prestación do servizo deberá notificarse en todo caso ao órgano competente para ditar resolución de Programa Individual de Atención

Artigo 15.-Causas de suspensión temporal do servizo.

Son causa de suspensión temporal do servizo, logo da tramitación do correspondente expediente e informe razoado do persoal técnico coordinador que deberá incorporarse ao expediente persoal, as que seguen:

1. Ausencia temporal do domicilio: o servizo poderá suspenderse por causa xustificada por un máximo de tres meses, debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivan a súa ausencia. Procederase á reanudación inmediata do servizo a petición dos/as interesados/as, naqueles casos en que sufragasen durante a súa ausencia, o abono do 25% das tarifas que lle corresponderían si estiveran de alta. Nos casos restantes, pasará a lista de agarda coa puntuación de orixe. No caso de empeoramento da súa situación realízase unha nova valoración por parte do persoal técnico de servizos sociais.

2. Modificación temporal das causas que motivaron a necesidade do servizo: poderá suspenderse o servizo en tanto persista o cambio de circunstancias causante da suspensión, coa excepción das prazas vinculadas a un dereito exercido dentro do sistema de autonomía e a atención á dependencia, suposto no que se estará ao disposto na correspondente normativa reguladora.

Todas as extincións, modificacións e ou suspensións efectuadas sobre a prestación de SAF, cumprimentarase nun documento asinado pola/o traballador/a social do SAF, e conterá os datos de identificación da persoa usuaria, as datas e os motivos polos que se orixinan as mesmas.

O órgano correspondente dictará a resolución na que constará o motivo e a data de efecto da mesma, así como anuncio sobre os recursos que contra a mesma procedan, órgano administrativo ou xudicial perante o que presentalos e prazo para interpoñelos, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercitar calquera outro que estimen oportuno.

Artigo 16.- Coordinación e Seguimento

O programa de axuda no fogar esixe unha coordinación permanente a tres niveis:

- Interna co persoal técnico dos SSSS comunitarios.
- Externa coa entidade ou entidades prestatarias para o inicio, seguimento e avaliación da prestación.
- Con outros axentes que interveñan no servizo.

O Servizo de axuda a domicilio concedido a cada usuario/a será obxecto de seguimento periódico para valorar:

1. A consecución dos obxectivos programados.
2. A adecuación do tempo e intensidade da axuda.
3. A satisfacción da persoa beneficiaria

Unha vez iniciado o servizo, levarase a cabo o seguimento polo equipo técnico ou profesionais do SAF, que poderán recadar información complementaria da persoa usuaria, do persoal auxiliar de Axuda a Domicilio e/ou a través do persoal Coordinador das entidades prestadoras, que se reflectirá no expediente correspondente.

A persoa que exerza como responsable técnica garantirá unha supervisión do servizo efectivamente prestado, que será realizada sempre que as circunstancias a fagan necesaria e, como mínimo, cunha periodicidade de dous meses. Mediante esta supervisión revisarase e axustarase, se fose o caso, o contido das prestacións expresado no proxecto de intervención (anexo II) e no acordo de servizo(anexo III). Da supervisión realizada quedará constancia no correspondente expediente individual.

As solicitudes que no seu caso se atopen en lista de agarda, de igual modo serán periodicamente revisadas coa finalidade de que as mesmas estean permanentemente actualizadas.

Artigo 17.- Intensidade na prestación do servizo.

1. A intensidade do servizo determinarase, con carácter xeral, en horas mensuais de atención, todos os días da semana incluídos festivos, distribuídas en función das necesidades da persoa usuaria e do informe técnico. Cando se necesiten dúas auxiliares para a realización do servizo ao mesmo tempo computarase o tempo do servizo de cada unha delas.

2. A intensidade do servizo de axuda no fogar ás persoas atendidas no marco do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia, ten carácter indefinido e estará predeterminada no seu programa individualizado de atención, trala valoración do seu grado e nivel. A súa aplicación horaria será flexible e conforme co proxecto de intervención (anexo II), de maneira que, cando menos, se garanta a cobertura das necesidades de atención de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, relacionadas no artigo 4 punto 1a) todos os días da semana.

Cando a persoa usuaria manifeste o desexo de dispoñer de menos horas do mínimo do intervalo que marca a lei para o seu grao e nivel, ou así se acorde entre a persoa usuaria e o seu/súa traballador/a social, deberá facerse constar por escrito e será engadido ao seu expediente.

3.- As persoas que accedan ao servizo de axuda no fogar en libre concorrência ou por urxencia sobrevenida a temporalidade e a intensidade virá prescrita polos SSSS comunitarios e definida no seu proxecto de intervención (anexo II) e terán unha duración máxima de 50 horas mensuais de atencións, non superando 2 horas/día, salvo prescrición motivada que deberá constar no devandito proxecto de intervención.

CAPITULO VI - REXIME SANCIONADOR: FALTAS E SANCIÓN**Artigo 18.- Réxime sancionador**

O réxime sancionador será o establecido no Título X da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e demais normativa vixente de aplicación.

CAPÍTULO VII.- REXIME ECONOMICO E FINANCEIRO**Artigo 19.- Réxime das achegas**

O servizo de axuda a domicilio no Concello de Viveiro financiarase a través das achegas económicas das administracións públicas pertinentes, o recursos municipais previstos no orzamento municipal municipal, e as achegas das persoas usuarias en aplicación dos baremos aprobados polo Concello.

a) A Achega municipal cuantificarase a través da correspondente partida segundo o previsto anualmente no orzamento municipal.

b) A persoa beneficiaria do servizo aportará o precio público calculado conforme ao establecido na ordenanza municipal correspondente, cumprindo co establecido no Art. 56 da Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia, que faculta ás administracións públicas a establecer a participación das persoas usuarias na financiación de servizos do Sistema Público de Servizos Sociais e no Decreto 99/2012 do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Artigo 20.- Determinación da capacidade económica das persoas usuarias do servizo.**A).- Determinación da capacidade económica do sistema de atención a persoas usuarias da dependencia.**

A capacidade económica das persoas dependentes valoradas que teñan recoñecido un dereito de atención mediante o servizo de axuda no fogar calcularase de acordo coas normas de valoración contidas no capítulo II do título III do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo.

B) Determinación da capacidade económica das persoas usuarias doutros servizos que impliquen copagamento.

No servizo de axuda no fogar prestado a persoas ou unidades de convivencia distintas ás referidas no artigo anterior, o cómputo da capacidade económica farase de acordo cos seguintes criterios:

1. Computarase a renda de todas as persoas residentes na mesma unidade de convivencia. Para estes efectos considérase renda a suma de calquera das modalidades de ingreso a que se refire o artigo 6.2 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.

2. Computarase, así mesmo, o patrimonio neto de todas as persoas residentes na unidade de convivencia. Para estes efectos, enténdese por patrimonio neto o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexan titulares, determinados consonte as regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deba responder. Igualmente, para o cómputo do patrimonio neto deberán terse en conta as exencións que prevé a Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, ao respecto da vivenda habitual e doutros bens e dereitos.

3. A capacidade económica calcularase sumando todas as rendas computables, modificadas á alza pola suma dun 5% do patrimonio neto en cómputo anual, e dividindo o resultado da dita suma entre o total de persoas que convivan no fogar.

Artigo 21.- Participación no financiamento do servizo das persoas usuarias.

A).- Participación no financiamento do servizo das persoas usuarias do sistema de atención a persoas usuarias da dependencia.

Cada entidade local titular do servizo, para facer efectiva a obriga de participar no custo do servizo por parte das persoas usuarias dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, aplicará a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado:

Capacidade económica (referenciada ao IPREM)	Grao I	Grao II	Grao III
	<=20 h	<=45 h	<=70 h
100,00 %	0,00 %	0,00 %	0,00 %
115,00 %	4,52 %	9,61 %	14,70 %
125,00 %	5,41 %	11,50 %	17,58 %
150,00 %	5,55 %	11,79 %	18,03 %
175,00 %	5,65 %	12,00 %	18,35 %
200,00 %	5,72 %	12,16 %	18,60 %
215,00 %	5,81 %	12,34 %	18,87 %
250,00 %	6,03 %	12,82 %	19,61 %
300,00 %	6,24 %	13,26 %	20,29 %
350,00 %	6,42 %	13,63 %	20,85 %
400,00 %	6,54 %	13,90 %	21,25 %
450,00 %	6,63 %	14,09 %	21,55 %
500,00 %	6,70 %	14,25 %	21,79 %
>500 %	6,76 %	14,36 %	21,97 %

2. Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa usuaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo, as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao correspondente, a cantidade que se debe pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

3. En ningún caso o importe da participación económica que debe ingresar a persoa usuaria en concepto de participación no custo do servizo poderá exceder o 90 % do custo do servizo determinado en termos de prezo/hora.

4. No caso de que a entidade local asuma tamén a prestación, ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, das atencións e servizos complementarios do nivel básico do servizo de axuda no fogar regulados no artigo 14.2 deste decreto, para os efectos facer efectiva a obriga de participar no custo do servizo por parte das persoas usuarias, aplicarán a seguinte táboa, na cal se expresa a súa participación en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade e do tipo de atención ou servizo asignado:

% Capacidade económica (referenciada ao IPREM) Ata	Grao I			Grao II			Grao III		
	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas
	<=15			<=28			<=45		
100,00 %	0,00 %	12,87 %	13,76 %	0,00 %	22,73 %	24,29 %	0,00 %	35,51 %	37,95 %
115,00 %	5,98 %	13,10 %	14,00 %	10,56 %	23,12 %	24,71 %	16,50 %	36,13 %	38,61 %
125,00 %	7,15 %	13,39 %	14,31 %	12,63 %	23,64 %	25,26 %	19,73 %	36,94 %	39,47 %
150,00 %	7,34 %	13,52 %	14,44 %	12,95 %	23,87 %	25,50 %	20,24 %	37,29 %	39,85 %
175,00 %	7,47 %	13,61 %	14,54 %	13,18 %	24,03 %	25,67 %	20,60 %	37,54 %	40,12 %
200,00 %	7,57 %	13,76 %	14,70 %	13,36 %	24,29 %	25,96 %	20,87 %	37,96 %	40,56 %
215,00 %	7,68 %	13,83 %	14,78 %	13,56 %	24,42 %	26,09 %	21,18 %	38,16 %	40,77 %
250,00 %	7,98 %	13,96 %	14,91 %	14,09 %	24,64 %	26,33 %	22,01 %	38,50 %	41,14 %
300,00 %	8,25 %	14,06 %	15,02 %	14,57 %	24,82 %	26,52 %	22,77 %	38,78 %	41,44 %
350,00 %	8,48 %	14,16 %	15,13 %	14,98 %	25,00 %	26,72 %	23,40 %	39,07 %	41,74 %
400,00 %	8,65 %	14,35 %	15,33 %	15,27 %	25,33 %	27,06 %	23,85 %	39,57 %	42,29 %
>400,00 %	8,77 %	14,48 %	15,48 %	15,48 %	25,57 %	27,32 %	24,19 %	39,95 %	42,69 %

B) Participación das persoas usuarias no financiamento doutros servizos que impliquen pagamento

1. Para o servizo de axuda no fogar, en réxime de libre concorrência, para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, aplicárase a seguinte táboa que regula unha progresiva participación económica no custo do servizo en base ó cálculo da capacidade económica per cápita, de acordo co establecido no artigo 18 desta ordenanza.

CAPACIDADE ECONÓMICA	Participación no custe do servizo de SAF básico
Menor de 0,80 IPREM	0%
Maior de 0,80 e menor ou igual a 1,50 IPREM	Entre o 10% e o 30%
Maior de 1,50 e menor ou igual a 2,00 IPREM	Entre o 20% e o 50%
Maior de 2,00 e menor ou igual a 2,50 IPREM	Entre o 40% e o 70%
Maior de 2,50 IPREM	Entre o 60% e o 90%

2. Sen prexuízo do anterior, poderán establecerse excepcións aos criterios xerais do referido copagamento nos casos en que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de destrución familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social.

3. En calquera caso, establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

A Axuda no Fogar do Concello de Viveiro, é de titularidade municipal, e será coordinado polos Servizos Sociais Municipais.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

Corresponde á Alcaldía ou á Xunta de Goberno Local, en caso de delegación a facultade de interpretar as disposicións contidas nesta ordenanza así como a redacción das instrucións que foran necesarias para a súa correcta interpretación.

DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA

O SAF no Concello de Viveiro adaptarase en todo momento á normativa estatal e autonómica vixente.

DISPOSICIÓN ADICIONAL CUARTA**REGULACIÓN DO PRECIO PÚBLICO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR****Artigo 1º. Fundamento e natureza**

De conformidade co previsto no artigo 41 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, este Concello establece o prezo público pola prestación de servizo de axuda no fogar.

Artigo 2º. Concepto

1. O prezo público regulado nesta Ordenanza constitúe unha prestación patrimonial de carácter público que se satisfará polos usuarios que voluntariamente soliciten a prestación básica de servizos sociais de atención primaria.

Artigo 3º. Obrigados ó pago

Están obrigados ó pago do prezo público regulado nesta Ordenanza quen solicite ou se beneficie da prestación do Servizo de Axuda a Domicilio. Para ser beneficiario do Servizo, estarase ó establecido no Regulamento municipal do Servizo de Axuda a domicilio.

Artigo 4º. Coantía

Participación no financiamento do servizo das persoas dependentes con dereito de atención recoñecido como usuarias do servizo de axuda no fogar.

A entidade local titular do servizo, para facer efectiva a obriga de participar no custo do servizo por parte das persoas usuarias dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, aplicará a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado:

Capacidade económica (referenciada ao IPREM)	Grao I	Grao II	Grao III
	<=20 h	<=45 h	<=70 h
100,00 %	0,00 %	0,00 %	0,00 %
115,00 %	4,52 %	9,61 %	14,70 %
125,00 %	5,41 %	11,50 %	17,58 %
150,00 %	5,55 %	11,79 %	18,03 %
175,00 %	5,65 %	12,00 %	18,35 %
200,00 %	5,72 %	12,16 %	18,60 %
215,00 %	5,81 %	12,34 %	18,87 %
250,00 %	6,03 %	12,82 %	19,61 %
300,00 %	6,24 %	13,26 %	20,29 %
350,00 %	6,42 %	13,63 %	20,85 %
400,00 %	6,54 %	13,90 %	21,25 %
450,00 %	6,63 %	14,09 %	21,55 %
500,00 %	6,70 %	14,25 %	21,79 %
>500 %	6,76 %	14,36 %	21,97 %

2. Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa usuaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo, as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á

cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao correspondente, a cantidade que se debe pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

3. En ningún caso o importe da participación económica que debe ingresar a persoa usuaria en concepto de participación no custo do servizo poderá exceder o 90 % do custo do servizo determinado en termos de prezo/hora.

4. No caso de que a entidade local asuma tamén a prestación, ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, das atencións e servizos complementarios do nivel básico do servizo de axuda no fogar regulados no artigo 14.2 do Decreto 149/2013, para os efectos facer efectiva a obriga de participar no custo do servizo por parte das persoas usuarias, aplicará a seguinte táboa, na cal se expresa a súa participación en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade e do tipo de atención ou servizo asignado:

% Capacidade económica (referenciada ao IPREM) Ata	Grao I			Grao II			Grao III		
	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas
	<=15			<=28			<=45		
100,00 %	0,00 %	12,87 %	13,76 %	0,00 %	22,73 %	24,29 %	0,00 %	35,51 %	37,95 %
115,00 %	5,98 %	13,10 %	14,00 %	10,56 %	23,12 %	24,71 %	16,50 %	36,13 %	38,61 %
125,00 %	7,15 %	13,39 %	14,31 %	12,63 %	23,64 %	25,26 %	19,73 %	36,94 %	39,47 %
150,00 %	7,34 %	13,52 %	14,44 %	12,95 %	23,87 %	25,50 %	20,24 %	37,29 %	39,85 %
175,00 %	7,47 %	13,61 %	14,54 %	13,18 %	24,03 %	25,67 %	20,60 %	37,54 %	40,12 %
200,00 %	7,57 %	13,76 %	14,70 %	13,36 %	24,29 %	25,96 %	20,87 %	37,96 %	40,56 %
215,00 %	7,68 %	13,83 %	14,78 %	13,56 %	24,42 %	26,09 %	21,18 %	38,16 %	40,77 %
250,00 %	7,98 %	13,96 %	14,91 %	14,09 %	24,64 %	26,33 %	22,01 %	38,50 %	41,14 %
300,00 %	8,25 %	14,06 %	15,02 %	14,57 %	24,82 %	26,52 %	22,77 %	38,78 %	41,44 %
350,00 %	8,48 %	14,16 %	15,13 %	14,98 %	25,00 %	26,72 %	23,40 %	39,07 %	41,74 %
400,00 %	8,65 %	14,35 %	15,33 %	15,27 %	25,33 %	27,06 %	23,85 %	39,57 %	42,29 %
>400,00 %	8,77 %	14,48 %	15,48 %	15,48 %	25,57 %	27,32 %	24,19 %	39,95 %	42,69 %

- Participación das persoas usuarias no servizo de axuda no fogar, en réxime de libre concorrência

Dacordo co artigo 21 b do regulamento do servizo de axuda no fogar a coantía do prezo público para o ano 2025 é de 20,19 € tendo en conta o importe facturado pola empresa concesionaria e aqueles outros costes nos que se incurra para a prestación do servizo

1. No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria sexa inferior ó 80% indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.

2. As persoas usuarias cunha capacidade económica superior ó 80% pero que non exceda o 150% do IPREM, asumirán o 10 % do custo directo do servizo.

3. As persoas usuarias cunha capacidade económica superior ó 150% pero que non exceda o 200% do IPREM, asumirán o 20 % do custo directo do servizo.

4. As persoas usuarias cunha capacidade económica superior ó 200% pero que non exceda o 250% do IPREM, asumirán o 40 % do custo directo do servizo.

5. As persoas usuarias cunha capacidade económica superior ó 250% do IPREM, asumirán 60% do custo directo do servizo.

Artigo 5º. Normas de xestión

1. A obriga de pagamento do prezo público regulado nesta Ordenanza nace desde que se inicia a prestación do servizo.

2. As liquidacións practicaránse por meses naturais nos primeiros quince días de cada mes. O pago do prezo farase nos primeiros quince días do mes natural seguinte.

3. O pagamento efectuarase mediante cargo na conta corrente ou libreta de aforros que o solicitante do Servizo de Axuda no Fogar deberá indicar no modelo oficial de solicitude.

4. A achega dos usuarios do servizo será obxecto de actualización segundo a coantía anual do IPREM ou indicador que o substitúa.

DISPOSICIÓN FINAL

De acordo co artigo 49 da Lei de Bases do Réximen Local, unha vez aprobada inicialmente polo Pleno, abrirase un prazo de exposición ó público e de audiencia ós interesados de 30 días para a presentación de reclamacións e suxerencias.

Corresponderá ó Pleno a resolución de as reclamacións e suxerencias e a aprobación definitiva . De non haber reclamacións e suxerencias , elevarase a definitivo o acordo inicial de aprobación do Pleno.

Unha vez publicado o texto íntegro do actual Regulamento no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o primeiro día do mes seguinte , permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Viveiro, 5 de xuño de 2025.- A Alcaldesa, María Carmen Gueimunde González.

R. 1625

XOVE

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía núm. 2025-1071 de data 3 de xuño de 2025, aprobáronse os Padróns do Prezo Público pola realización de actividades de conciliación, formativas, de ocio e tempo libre (ximnasia de mantemento, pilates e aerobio) correspondentes a mensualidade de xuño de 2025.

Por medio do presente ponse no coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago, que dispoñen de un prazo de vinte días, contados a partires da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto do seu exame e presentación das reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se tivese formulado ningunha reclamación contra os mesmos.

Contra o mesmo poderase interpoñer o recurso de reposición no prazo de un mes dende a publicación o presente anuncio.

PERÍODO DE COBRO

De conformidade co disposto no artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre os días 9 de xuño de 2025 ata 8 de agosto de 2025; o ingreso efectuarase preferentemente mediante domiciliación bancaria ou, no seu defecto, en calquera oficina de Abanca ou Banco Santander no seu horario de atención ao público, tal e como dispón o artigo 6 do Acordo Regulador pola realización de actividades de conciliación, formativas, de ocio e tempo libre do Concello de Xove.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciárase o período executivo, esixíndose as débedas polo procedemento de constrinximento, reportando o recargo de constrinximento, xuros de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

O presente anuncio, en ámbolos dous supostos de anuncio de exposición ao público do Padrón e período de cobro en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro.

Xove, 3 de xuño de 2025.- O Alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 1589

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL,O.A. DIRECCIÓN TÉCNICA

Anuncio

PROYECTO DE PUESTA EN VALOR Y CONSOLIDACIÓN DE LOS RESTOS DEL PUENTE RIBEIRA, EN SARRIA (LUGO). PDM MIÑO-SIL ES010_3_CHCH0CCET29SP2469.

CLAVE: M1.444-249/2111

INFORMACIÓN PÚBLICA

Por Resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 3 de junio de 2025, se ha acordado someter a información pública el documento relativo a las obras del asunto, que a continuación se relaciona y a los efectos que igualmente se expresan:

- Proyecto, a los efectos previstos en el artículo 83 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del procedimiento administrativo común de las administraciones públicas.

El referido documento estará publicado en la web oficial de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., para que pueda ser examinado por quienes lo deseen y formular las alegaciones u observaciones que consideren oportunas, sobre el contenido del mismo, durante el plazo de veinte días hábiles, contados a partir del día siguiente de la publicación del presente anuncio en el último de los Boletines Oficiales en que se ha de publicar, Boletín Oficial del Estado y Boletín Oficial de la Provincia de Lugo. Además quienes lo deseen podrán consultarlo en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., pudiendo solicitar cita previa en el número de teléfono 988 399 422.

Ourense, 4 de junio de 2025.- El Presidente de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. José Antonio Quiroga Díaz.

R. 1590

NOTARÍA

Anuncio

JUAN JOSÉ LÓPEZ YÁÑEZ, NOTARIO DEL ILUSTRE COLEGIO DE GALICIA CON RESIDENCIA EN SARRIA,
HAGO CONSTAR

Que en esta Notaria de Sarria, sita en la calle Gran Vía, nº9, Bajo se tramita ACTA DE PARTICIÓN CONFORME A LA LEY GALLEGA, con el fin de proceder a la partición de la herencia de los causantes DON ANTONIO RODRIGUEZ VARELA y DOÑA DOLORES GAYOSO RIVERA

Que entre los herederos de los citados causantes se encuentra la siguiente sin domicilio conocido:

DON RAMIRO RODRIGUEZ GAYOSO

Que se le comunica a dichos interesados o a cualquiera que tenga interés en dichas herencias lo siguiente:

Durante un plazo que finalizará en un plazo de treinta hábiles desde la publicación del presente EDICTO podrán los interesados comparecer en mi notaria, sita en la calle Gran Vía, nº9-bajo de la villa de Sarria (Lugo), en horas de despacho, para oponerse a la tramitación de la misma, proponer nuevos contadores-partidores o alegar lo que estimen oportuno en defensa de sus derechos.

Sarria, 5 de junio de 2025.- Notario, Juan José López Yáñez.

R. 1591